

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE SETEMBRO DO 2021.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinteseite de setembro do dous mil vinte e un, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Diaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Victor Manuel Rodríguez López e D. Manuel Rodríguez Martínez.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto

O Sr. Alcalde desculpa a non asistencia a este Pleno da concelleira D^a Pilar Espinosa Novelle por motivos de saúde.

ORDE DO DÍA:

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 26 DE XULLO DO 2021.

Sométese a votación a acta do pleno de 26 de xullo do 2021, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 16.07.2021 ao 21.09.2021.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 16.07.2021 e o 21.09.2021.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA E RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS DO REGULAMENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL “MESTRE IBÁÑEZ”.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

“1º.- Con data 26.04.2021 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública de Aprobación do Regulamento de Funcionamento do Conservatorio Municipal de Música “Mestre Ibáñez”.

2º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

3º.- Con data 05.05.2021 D. Miguel Alvarez Fernández, D. Andrés Campanario Rodríguez, Dª María Teresa Domínguez Pereira, Dª Paula López López, D. José Luis García Díaz, Dª Montserrat Quiroga Rodríguez e D. Alberto Loureiro Casas, profesores do Conservatorio, presentan unha proposta de regulamento.

4º.- Con data 26.07.2021 o Pleno da Corporación prestou aprobación inicial ao Regulamento de Funcionamento do Conservatorio Municipal de Música “Mestre Ibáñez”.

5.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 177 de data 4 de agosto de 2021, inseriuse anuncio relativo á exposición pública do citado regulamento.

6.- O 03.09.2021 con RE 13523 e o 13.09.2021 con RE 14248 teñen entrada alegacións contra a aprobación inicial que nos ocupa, suscritas por Dona María Teresa Domínguez Pereira, Dona Montserrat Rodríguez Quiroga, Dª Paula López López, D. Alberto Loureiro Casas, D. Andrés Campanario Rodríguez, D. José Luis García Díaz e D. Miguel Alvarez Fernández profesores do conservatorio e D. Fernando Sanmartino Pérez director do conservatorio.

7.- O Secretario Xeral do Concello de Monforte, con esta data, emitiu o seguinte informe:

INFORME DE SECRETARÍA XERAL EN RELACIÓN COAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA AO REGULAMENTO DE FUNCIONAMIENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA "MESTRE IBÁÑEZ"

En relación co asunto de referencia, procede informar:

"ANTECEDENTES"

1º.- *Con data 26.04.2021 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública de Aprobación do Regulamento de Funcionamento do Conservatorio Municipal de Música "Mestre Ibáñez".*

2º.- *Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.*

3º.- *Con data 05.05.2021 D. Miguel Alvarez Fernández, D. Andrés Campanario Rodríguez, Dª María Teresa Domínguez Pereira, Dª Paula López López, D. José Luis García Díaz, Dª Montserrat Quiroga Rodríguez e D. Alberto Loureiro Casas, profesores do Conservatorio, presentan unha proposta de regulamento.*

4º.- *Con data 26.07.2021 o Pleno da Corporación prestou aprobación inicial ao Regulamento de Funcionamento do Conservatorio Municipal de Música "Mestre Ibáñez".*

5.- *No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 177 de data 4 de agosto de 2021, inseriuse anuncio relativo á exposición pública do citado regulamento.*

6.- *No período de exposición presentáronse as seguintes alegacións:*

- O 03.09.2021 ten entrada unha alegación presentada por Dona María Teresa Domínguez Pereira, Dona Montserrat Rodríguez Quiroga, Dª Paula López López, D. Alberto Loureiro Casas, D. Andrés Campanario Rodríguez, D. José Luis García Díaz e D. Miguel Alvarez Fernández profesores do conservatorio

- O 13.09.2021 ten entrada unha alegación presentada por D. Fernando Sanmartino Pérez director do conservatorio.

En relación con ditas alegacións, procede informar:

ALEGACIÓN PRESENTADA POR DONA MARÍA TERESA DOMÍNGUEZ PEREIRA, DONA MONTSERRAT RODRÍGUEZ QUIROGA, DONA PAULA LÓPEZ LÓPEZ, DON ALBERTO LOUREIRO CASAS, DON ANDRÉS CAMPANARIO RODRÍGUEZ, DON JOSÉ LUÍS GARCÍA DÍAZ E DON MIGUEL ÁLVAREZ FERNÁNDEZ

1.- En relación á alegación de que, na elaboración do regulamento por parte do Concello prodúcese unha vulneración do disposto no Artigo 47 .1 do Decreto 223/2010 de 30 de decembro (non como erróneamente faise constar Decreto 223/20210) reiterar, novamente, a análise que se realizou, con anterioridade, no presente procedemento.

En efecto, o artigo 1 do Decreto 223/2010, ao regular o seu ámbito de aplicación establece que “tamén será de aplicación aos conservatorios de música e de danza de titularidade das entidades locais en todos aqueles aspectos que non contravengan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela”. Polo tanto existindo unha lexislación específica, no aspecto organizativo, cal é a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e disposicións de desenvolvemente, o Decreto 223/2010, ten un carácter meramente supletorio.

En consecuencia, a xuízo do que subscribe, procede desestimar esta alegación.

2º.- No mesmo senso en relación coa alegación de que está a producirse unha vulneración de normativa con respecto ao procedemento de aprobación dos regulamentos, poñer de manifesto que a lexislación específica de aplicación ao Concello de Monforte é a contida no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Pretender a aplicación do citado art. 47, en lugar do recollido no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sería unha flagrante vulneración dos principios de reserva de lei e do principio de xerarquía normativa.

En consecuencia, a xuízo do que subscribe, procede desestimar esta alegación.

3º.- A mesma argumentación, sinalada no apartado anterior, é de aplicación á pretensión da aplicación da orde de 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, de 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Faise constar, neste aspecto, a existencia dun vicio procedimental, a xuízo dos alegantes, consistente en que “a pesar de que no artigo 4 (Réxime xurídico), apartado a) fala das

"disposicións de desenvolvemento" éstas non son respetadas na tramitación do procedemento.

En relación con este apartado a pretension carece, aínda moito máis, de fundamentación xurídica xa que se pretende a aplicación dunha Orde da Consellería, de rango inferior ao Decreto 223/2010, con preferencia ao regulado nunha disposición de carácter legal, como é a lei 7/1985, de 2 de abril, que é a norma de directa aplicación á elaboración dos regulamentos.

Polo exposto, a xuízo do que subscribe, procede desestimar a presente alegación.

4º.- Continúa o escrito sinalando que "o artigo 7 está infestado de regulaci3ns fóra do ámbito competencial dunha Administración local" e cita como, exemplo:

- Avaliacións e calificacións : xa regulado na normativa autonómica, especificamente na Orde de 8 de febreiro de 2008.

- Admisión de novo/as alumnos/as: xa regulado no artigo 7.1 do Decreto 198/2007, de 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e pola Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

Polo que se refire ás avaliacións e certificacións, do contido do texto non se pode argumentar que se vulnere, o máis mínimo a normativa autonómica, no entanto e sendo unha cuestión docente e co obxecto de clarexar o texto e que non queden dúbidas do seu axuste á normativa competencial, podería facerse referencia ao posto de manifesto na alegación e substituír o texto inicialmente aprobado por outro texto cuxa redacción fose a seguinte:

Avaliacións e cualificacións: A avaliación e cualificación será realizada de acordo co disposto na Orde de 8 de febreiro de 2008 da Consellería de Educación da Xunta de Galicia..

En consecuencia, a xuízo do que subscribe, procede estimar esta alegación.

- Polo que se refire á admisión de alumnos e alumnas do conservatorio, dunha mera análise do contido de ditos artigos pódese comprobar que o único que se realiza é a regulación dentro do ámbito competencial do Concello de Monforte, sen que produza ningunha vulneración dos aspectos lectivos ou docentes de competencia da Comunidade Autónoma.

En consecuencia, a xuízo do que subscribe, procede desestimar esta alegación.

5º.- En relación coas alegacións ao Título III da ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CONSERVATORIO, procede analizar:

- *Arguméntase que ao citar a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio e a normativa vixente, o procedemento de selección do Director/a será mediante concurso de méritos tal e como establece o artigo 133 e a Disposición final sétima da devandita lei orgánica, normativa autonómica de aplicación e a xurisprudencia (véxanse as sentencias de diversos TSJ, como é o caso de Galicia).*

Neste punto reiterar o xa expresado, en múltiples ocasións. Os/as traballadores/as do Conservatorio SON EMPREGADOS/AS PÚBLICOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS e, polo tanto, lles é de aplicación a normativa do réxime local, de forma directa, especificamente no que incumbe ao procedemento de selección, provisión e cese de postos de traballo, por moito fincapé que se faga na aplicación da normativa allea á regulación do emprego público no ámbito local. Por tanto en relación con esta alegación sinalar que para a selección do Director do Conservatorio Municipal do Concello de Monforte de Lemos, así como para o resto dos postos de traballo eistentes, a normativa de aplicación é, única e exclusivamente, a de réxime local.

Por outra banda, chama poderosamente a atención que se faga referencia á “xurisprudencia”, en apoio das súas alegacións e se diga que “véxanse as sentencias de diversos TSJ, como é o caso de Galicia”, sin facer nin unha soa referencia a que tribunais ou que sentenzas avalan a súa pretensión.

En consecuencia, a xuízo do que subscribe, procede desestimar esta alegación.

6º.- En canto a alegación referida ao cesamento do Director/a, remítome ao análise feito no punto anterior, por canto ao procedemento de selección e cesamento é de aplicación idéntica normativa. No entanto é de resaltar que os propios alegantes recoñecen que no regulamento obsérvase unha alta participación de Consello Escolar, sin que dita participación sexa obrigatoria de acordo coa normativa de aplicación.

En calquera recordar que o dereito de petición, individual e colectiva, está recoñecido no art. 29 da Constitución de 1978, polo que se se lle desposuería, as personas físicas ou aos órganos escolares de dita posibilidade, vía regulamentaria, sería unha actuación inconstitucional. En conclusión o dereito de petición está absolutamente garantido.

En consecuencia, a xuízo do que subscribe, procede desestimar esta alegación.

7º.- E relación coa argumentación referida á selección da Xefatura de Estudos, remítome á análise realizado nos puntos anteriores.

En consecuencia, a xuízo do que subscribe, procede desestimar esta alegación.

8º.- No referente a alegación de que obsérvase unha contradición entre o artigo 20 e o artigo 58, xa que nun se fala dunha maioría de dous terzos e noutro de maioría absoluta, manifestar que non existe contradición algunha posto que no artigo 20 regúlase a maioría

para a adopción dos acordos, con carácter xeral, mentres que no art. 53 regúlase unha maioría específica, para un asunto concreto cal é o da reforma do regulamento. A distinción de maiorías para a adopción de acordos con carácter xeral e para a adopción de acordos específicos é habitual non só no ámbito administrativo, senón tamén no ámbito lexislativo (leis orgánicas e leis ordinarias) senón mesmo no ámbito constitucional (reforma ordinaria e reforma reforzada).

En consecuencia, a xuízo do que subscribe, procede desestimar esta alegación.

9º.- En relación coa alegación referente ao Capítulo 1 do Título IV, na que se manifesta que “remitirémonos ás sentenzas en firme, cando as haxa, dos numerosos procesos xudiciais interpostos pola maioría dos docentes do CMUS Mestre Ibáñez contra o Concello de Monforte de Lemos en defensa dos nosos dereitos laborais e sobre o ordenamento e funcionamento do centro”, procede manifestar que, que se teña coñecemento neste Concello, en relación cos empregados públicos locais do conservatorio existen, única e exclusivamente, os seguintes procesos xudiciais:

PO 452/2019 DEMANDA RECLAMACIÓN CONVERSIÓN CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS NON FIXOS INTERPOSTO POR D ALBERTO LOUREIRO CASAS, ANTONIO GARCIA, MIGUEL ALVAREZ E JOSE LUIS GARCÍA

PO 499/2019 DEMANDA EN RECLAMACION XORNADA LABORAL E CANTIDADES SALARIAIS INTERPOSTO POR MONTSERRAT RODRÍGUEZ QUIROGA , M^a JESÚS SANTALLA LÓPEZ , M^a TERESA DOMINGUEZ PEREIRA E PAULA LÓPEZ LÓPEZ

PO 486/2021 DEMANDA POR DEDUCIÓN HABERES E EXPEDIENTE DISCIPLINARIOS INTERPOSTO POR D. ANDRES CAMPANARIO, MARIA TERESA DOMINGUEZ, MIGUEL ALVAREZ E MONTSERRAT RODRIGUEZ.

Tal e como se pode comprobar tales procesos refírense a cuestións absolutamente individuais, efectivamente referidos a aspectos laborais dos recorrentes, que afectan á comisión de conductas disciplinarias pero, en ningún caso, se interpuxeron para colaborar no “ordenamento e funcionamento do centro”.

En consecuencia, a xuízo do que subscribe, procede desestimar esta alegación.

10º.- En relación coa alegación ao art. 39 “Vacacións, permisos e licenzas”, que os alegantes cualifican de “curta-pega” de normativa laboral autonómica, especificamente da Orde de 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte os ensinados regulados na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. A pesar de estar de acordo co devandito artigo, serve para demostrar que se incorpora o que interesa e déixase fora a normativa laboral máis importante como é a recollida na Orde de 4 de agosto de 2011, procede matizar que no art. 39 do Regulamento aprobado inicialmente en

relación coas vacacións, permisos e licenzas faise constar que “Os/as empregados/as públicos do Conservatorio gozarán de vacacións, permisos e licenzas do mesmo xeito que o resto da plantilla do Concello, en función do establecido no Convenio, disfrutando das súas vacacións nos períodos non lectivos e preferentemente no mes de agosto e, no seu caso, nos días do mes de xullo que proceda, atendendo sempre ás necesidades do servizo.”

Por tanto ningunha referencia faise á Orde de 29 de xaneiro de 2016 e entendemos que esta alegación derívase dun erro o dun defectuoso análise do articulado.

11º.- Polo que se refire á solicitude de que “se inclúa a normativa relacionada coa elección de horarios por parte do profesorado incluída no artigo 10 da orde 4 de agosto de 2011. E se non se pode levar a cabo na súa totalidade, modifíquese e adáptese ás características dun CMUS municipal.

Como os mesmos recorrentes este asunto é un “dos principais puntos de conflitividade”. A pretensión de que se aplique a normativa autonómica na materia é a intención de establecer unha regulación allea e distinta á do resto do persoal municipal. En efecto, como xa reiterou ata a saciedade, os empregados/as públicos locais do conservatorio son empregados/as do Concello de Monforte de Lemos, como o resto dos demais traballadores/as. A súa pretesión de regularse por unha normativa distinta significaría unha anomalía xurídica en relación co resto. Por outra banda, é preciso aclarar que o Regulamento en ningún caso regula criterios pedagóxicos xa que, en efecto, “é competencia dos centros educativos (equipo directivo, claustro docente e consello escolar), segundo o principio de autonomía pedagóxica dos centros recollido no Decreto 223/2010.

En consecuencia, a xuízo do que subscribe, procede desestimar esta alegación.

ALEGACIÓN DE FERNANDO SANMARTINO PÉREZ, COMO DIRECTOR DO CONSERVATORIO E DA ESCOLA DE MÚSICA E DANZA MUNICIPAL DE MONFORTE DE LEMOS.

1º.- Alegación en relación co Artigo 6.- Ensinanzas

Ponse de manifesto que “en canto as ensinanzas, estanse a impartir no conservatorio municipal de Monforte as ensinanzas de Grao Elemental e Grao Profesional de música, (anteriormente reguladas pola lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro e polo decreto 253/1993 do 29 de xullo), reguladas actualmente pola Lei orgánica 2/2006 e nos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro.

Así o establece o Decreto 219/1999, do 15 de xullo, polo que se crea o conservatorio de música público de grao profesional dependente co Concello de de Monforte de Lemos, polo que se propón a súa corrección.

Por outra banda, creo que deberían constar no regulamento as ensinanzas de iniciación/preconservatorio, ensinanzas non oficiais que se levan a cabo no centro con alumnos de entre 6 e 7 anos e que teñen por finalidade a iniciación do alumnado en estudos musicais para unha preparación específica dirixida ao 1º curso de grao elemental do conservatorio.

Esta ensinanza está integrada na ordenanza municipal fiscal reguladora do prezo público polos servizos prestados no conservatorio e escola de música municipal de Monforte, polo que se propón a súa inclusión non regulamento.

Unha vez analizada a normativa de referencia, a xuízo do que subscribe, procede aceptar as alegacións realizadas.

2º.- Alegación referida ao artigo 24.- Competencias do Claustro

Neste artigo non apartado a), da a impresión de que se produce un erro posiblemente por unha mistura ou corta e pega entre as competencias do Consello escolar e o Claustro a partir da terceira frase. Entendo que debería quedar da seguinte maneira:

a) Facer propostas ao equipo directivo para a preparación e desenvolvemento do proxecto educativo e da programación xeral anual, así como propoñer iniciativas no ámbito da innovación educativa e da formación docente.

Unha vez analizada a alegación, a xuízo do que subscribe enténdese que a redacción proposta conlevaría unha clarificación do texto e, en consecuencia, procede a súa estimación.

3º.- Polo que se refire á alegación referida ao artigo 36.- Horario lectivo, aínda que derivado da regulación do regulamento non é unha cuestión especificamente regulamentaria, poidéndose analizar por outros mecanismos administrativos (Resolucións, Instrucións de servizo, circulares, etc)

Polo exposto, a xuízo do que subscribe, procede a desestimación da alegación.

4º.- Polo que se refire á alegación do artigo 37.- Horario non lectivo

Ao ser unha cuestión técnica que melloraría o funcionamento do Conservatorio, propónse a súa aceptación.

5º.- Polo que se refire á alegación do artigo 48.- Deberes (pais/nais ou representantes xurídicos dos alumno /as) ou apartado b), na que se pon de manifesto que non se entende a redacción do o parágrafo segundo.

Unha vez analizado o artigo e, efectivamente, non sendo de fácil comprensión, propónse aceptar a alegación e, en consecuencia, eliminar o apartado b) do citado artigo.”

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *DESESTIMAR, parcialmente, as alegacións presentadas por por Dona María Teresa Domínguez Pereira, Dona Montserrat Rodríguez Quiroga, D^a Paula López López, D. Alberto Loureiro Casas, D. Andrés Campanario Rodríguez, D. José Luis García Díaz e D. Miguel Álvarez Fernández.*

SEGUNDO.- *ESTIMAR, parcialmente, as alegacións presentadas por D. Fernando Sanmartino Pérez.*

TERCEIRO.- *Aprobar definitivamente o REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL "MESTRE IBÁÑEZ", coa redacción definitiva seguinte:*

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA "MESTRE IBÁÑEZ".

TÍTULO I. NOME, FINALIDADE, FUNCÍONS, RÉXIME XURÍDICO E SEDE

Artigo 1.- O Conservatorio.

O Conservatorio Municipal de Música "Mestre Ibáñez", cuxo propietario é o Concello de Monforte de Lemos, é un centro público de educación artística.

Artigo 2.- Finalidade.

O Conservatorio Municipal de Música "Mestre Ibáñez" (en adiante o Conservatorio) organiza, coordina e imparte as ensinanzas dirixidas á obtención de títulos, diplomas e certificados oficiais que foron ou están autorizados, no ámbito das súas competencias, polo Xunta de Galicia.

Artigo 3.- Funcións.

O Conservatorio ten as seguintes funcións:

- 1. A formación do alumnado matriculado.*
- 2. A preparación e actualización permanente dos seus propios plans de estudo e organización docente.*
- 3. A dirección e coordinación das ensinanzas que se impartirán para a execución dos plans de estudo.*
- 4. A tramitación de certificacións académicas, propostas de validación, rexistros, matrículas e funcións similares.*

Artigo 4.- Réxime xurídico.

O Conservatorio rexeráse:

- 1. Ao que se refire o aspecto educativo e docente, polo Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia e disposicións de desenvolvemento.*
- 2. En canto ao persoal que presta os seus servizos no Conservatorio, as normas serán aplicables aos/ás empregados/as públicos da administración local, concretamente a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e pola normativa de desenvolvemento, así como polo establecido na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.*

Artigo 5.- Sede.

O Conservatorio ten a súa sede e instalacións no edificio Multiúsos (Ronda María Emilia Casas Baamonde s/n), propiedade do Concello de Monforte de Lemos.

TÍTULO II. DAS ENSEÑANZAS DO CONSERVATORIO

CAPÍTULO I. PLAN DE ESTUDO

Artigo 6.- Ensinanzas.

O Conservatorio impartirá as seguintes ensinanzas de grao elemental e profesional:

- 1. Piano, violín e viola, saxo, clarinete, guitarra, percusión, vento metal (trombón, trompeta e trompa). Podendo variar esta oferta en función das necesidades que estime o Concello.*
- 2. Pódense realizar actividades complementarias (asistencia e participación en concertos, conferencias, obradoiros, etc.), como medio pedagóxico e de proxección exterior do traballo do Conservatorio, sempre que non interfiran no funcionamento do curso e sexan autorizadas, a proposta do Consello Escolar, previamente polo Concello. Ditas actividades realizaranse dentro da xornada laboral, salvo excepcións debidamente autorizadas polo Concello*

CAPÍTULO II. RÉXIME DOCENTE E DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 7.- Calendario escolar.

O curso académico estará suxeito ao calendario escolar fixado anualmente pola Xunta de Galicia para os conservatorios de música. A programación xeral do centro

reflectirase na programación xeral anual, podendo o Conservatorio ofrecer actividades de xeito voluntario fóra do calendario previsto coa aprobación previa do Concello, a proposta do Consello Escolar.

Avaliacións e cualificacións: Avaliacións e cualificacións: A avaliación e cualificación serán realizadas de acordo co disposto na Orde de 8 de febreiro de 2008 da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Certificados: Os estudos realizados no Conservatorio xustificaranse polo procedemento establecido pola Xunta de Galicia e o Concello de Monforte de Lemos.

Matrículas: A cota de inscrición será a establecida por cada curso polo Concello a través do texto regulador da ordenanza fiscal correspondente.

O Concello será o encargado de publicar os prazos de solicitude e rexistro no prazo oportuno, expoñéndose tamén nos taboleiros de anuncios do Conservatorio, que deberán coincidir cos prazos establecidos para tal efecto pola Xunta de Galicia.

Os/as estudantes que continúen estudos no centro matricularanse durante o período de tempo establecido, a partir do final do curso escolar.

Os/as novos/as estudantes que obteñan praza para comezar os estudos matricularanse nos prazos establecidos polo Concello de Monforte de Lemos.

Extensión de inscrición: Seguirase o disposto na normativa específica ao respecto.

Publicación de prazas: Unha vez adxudicadas as prazas aos/ás alumnos/as do centro que, cumprindo os requisitos establecidos en puntos anteriores, continúen os seus estudos, a oferta de prazas vacantes farase pública seguindo as Instrucións do Concello de Monforte de Lemos.

Admisión de novos/as alumnos/as: A admisión de novos/as alumnos/as rexerese polo disposto na normativa do Concello de Monforte de Lemos.

A decisión sobre a selección será inapelable, publicando as listas dos/as seleccionados/as no taboleiro de anuncios do Conservatorio.

A matriculación dos/as alumnos/as será libre con prioridade na súa asignación para as persoas empadronadas no Concello de Monforte de Lemos.

As prazas ofertadas para cada instrumento serán as que permita a xornada de cada profesor/a, non ampliándose as mesmas en base a horas complementarias.

Se a solicitude de alumnos supera as prazas ofertadas realizarase por sorteo de entre os solicitantes, tendo prioridade os solicitantes empadronados en Monforte, podendo adxudicar as vacantes sobrantes a persoas que residan noutros concellos.

TÍTULO III. DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CONSERVATORIO

Artigo 8.- Órganos de goberno.

Os órganos de goberno unipersoais e colexiados do Conservatorio rexeranse polo disposto na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e na normativa vixente.

Artigo 9.- O/A Director/a.

O Director/a será un/unha profesor/a do centro segundo o procedemento para a provisión de postos de traballo aplicable ao Concello de Monforte de Lemos. En calquera caso, informarase ao Claustro e ao Consello Escolar tanto das bases que rexen a convocatoria como das solicitudes presentadas e da resolución do procedemento.

Artigo 10.- Candidatos/as á dirección.

Os/as candidatos/as á dirección do centro deberán cumprir as condicións determinadas polas disposicións ditadas pola Xunta de Galicia, en canto a requisitos docentes, e o Concello de Monforte de Lemos que será quen o nomee, polo procedemento que establezca ao efecto.

En caso de ausencia de candidatos/as e nos restantes casos de enfermidade, ausencia ou vacante, o Concello de Monforte de Lemos procederá ao nomeamento do/a Director/a con carácter provisional, de acordo coas disposicións aplicables á provisión de postos de traballo para empregados/as públicos da Administración Local.

O despedimento do/a Director/a producirase de acordo coas disposicións aplicables á provisión de postos de traballo para empregados/as públicos da Administración local, recollidos na RPT do Concello.

Artigo 11.- Competencias do/a Director/a.

1. Representación.

Ocupar e exercer a representación oficial do conservatorio, baixo a representación superior da Alcaldía.

2. Dirección e coordinación.

- 1. Cumprir e garantir o cumprimento da normativa vixente.*
- 2. Exercer o liderado de todo o persoal adscrito ao conservatorio, baixo a dirección superior da Alcaldía, e exercer as súas atribucións en materia disciplinaria respecto dos/as alumnos/as de acordo coas disposicións aplicables.*

3. *Elaborar e redactar xunto co resto do equipo directivo, e tendo en conta as propostas do claustro e do consello escolar, os diferentes documentos de autonomía pedagóxica e xestión do conservatorio, e remitilos cando proceda, á consellería competente en materia de educación cando se refiren ao ámbito docente, e ao Concello no que se refire a aspectos organizativos, operativos e de persoal.*
4. *Dirixir e coordinar todas as actividades do conservatorio, sen prexuízo das competencias atribuídas ao profesorado e ao consello escolar, con vistas á consecución e desenvolvemento do proxecto educativo e da programación xeral anual, establecendo medidas para garantir a igualdade entre mulleres e homes.*
5. *Convocar e presidir as reunións dos órganos de goberno e coordinación docente.*
6. *Garantir a execución dos acordos dos órganos colexiados no ámbito da súa competencia.*
7. *Nomear, se é o caso, os/as xefes/as dos departamentos así como os/as responsables das distintas coordinacións docentes segundo o disposto neste regulamento.*
8. *Redistribuír temporalmente, por motivos xustificados, as funcións dos distintos membros do equipo directivo para lograr unha maior eficiencia na xestión do conservatorio.*

3. Información e avaliación.

1. *Garantir o coñecemento e a dispoñibilidade de información aos distintos sectores da comunidade educativa sobre os seus dereitos e deberes, así como calquera outra que permita aos/ás estudantes o coñecemento da organización do conservatorio e a súa participación activa na vida académica e cultural.*
2. *Promover a avaliación interna do conservatorio e os plans de innovación educativa, así como colaborar co Concello e a Consellería competente en materia de educación en avaliacións externas e na avaliación da función pública docente.*

4. De réxime económico e administrativo.

Aprobar as certificacións e documentos oficiais do conservatorio.

5. *Calquera outra encargada polo Concello, no ámbito das súas competencias e pola consellería competente en materia de educación, no ámbito das súas competencias.*

Artigo 12.- O/A Secretario/a.

1º.- O/A Secretario/a será profesor/a do centro seleccionado segundo o procedemento para a provisión de postos de traballo aplicable á Administración local. En calquera caso, informarase ao Consello Escolar e ao profesorado tanto sobre as bases que rexen a convocatoria como sobre as solicitudes presentadas.

O despedimento do/a Secretario/a producirase de acordo coas disposicións aplicables á provisión de postos de traballo para empregados/as públicos da Administración local.

2º.- Correspóndelle á Secretaría:

- 1. Ordenar o réxime administrativo do conservatorio, de acordo coas instrucións da dirección.*
- 2. Por delegación da dirección, organizar e supervisar a actividade e o funcionamento do persoal de administración e servizos.*
- 3. Actuar como Secretario/a dos órganos colexiados de goberno, levantar as actas das sesións e dar fe dos acordos co visto e prace da dirección.*
- 4. Expedir as certificacións solicitadas.*
- 5. Custodiar e supervisar a conservación do equipamento e material didáctico do conservatorio en colaboración cos/as xefes/as de departamento e coa correspondente coordinación.*
- 6. Custodiar os libros, ficheiros e bases de datos do conservatorio.*
- 7. Dar a coñecer e difundir información sobre normativas, disposicións legais e asuntos de interese profesional e académico de relevancia para toda a comunidade educativa.*
- 8. Por delegación da dirección, establecer mecanismos para xestionar a correspondencia electrónica do conservatorio, derivando a súa resposta a quen corresponda.*
- 9. Calquera outra función que lle encomende a dirección no ámbito das súas competencias.*

Artigo 13.- O/A Xefe/a de Estudos.

1º.- O/A Xefa de Estudos será profesor/a do centro seleccionado segundo o procedemento para a provisión de postos de traballo aplicable á administración local. En calquera caso, informarase ao claustro tanto sobre as bases que rexen a convocatoria como sobre as solicitudes presentadas.

2º.- *Correspóndelle ao/á Xefe/a de Estudos:*

1. *Cando non haxa subdirector/a, asumir as funcións establecidas para ese órgano unipersoal.*
2. *Por delegación da dirección, exercer o liderado de profesores/as e alumnos/as en relación co réxime académico e disciplinario.*
3. *Organizar, coordinar e supervisar o exercicio da función docente do profesorado e a actividade académica do alumnado.*
4. *Coordinar as actividades dos/as xefes/as de departamento, dos/as coordinadores/as e das titorías que se desenvolven no conservatorio.*
5. *Elaborar, co resto do equipo directivo, o horario académico do alumnado e do profesorado, garantindo a aplicación dos criterios pedagóxicos e organizativos establecidos polo claustro e que respondan exclusivamente ás necesidades formativas do alumnado, dentro do ámbito xeral. programación que, a tal efecto, é aprobada polo Concello.*
6. *Organizar, coordinar e supervisar todas as actividades de avaliación e probas de acceso.*
7. *Establecer medidas para atender calquera eventualidade que afecte ao normal funcionamento do conservatorio.*
8. *Calquera outra función encomendada pola dirección no ámbito das súas competencias.*

A baixa do/a Xefe/a de Estudos producirase de acordo coas disposicións aplicables á provisión de postos de traballo para empregados/as públicos da Administración local.

O/A Xefe/a de Estudos deberá estar en posesión dos requisitos académicos que a normativa da Xunta de Galicia determine para a provisión do dito posto de traballo.

Artigo 14.- O Consello Escolar. Definición.

O Consello Escolar é o órgano de participación no control e goberno do Conservatorio Municipal de Música "Mestre Ibáñez".

Artigo 15.- Composición do Consello Escolar.

1º.- O Consello Escolar do Conservatorio Municipal de Música "Mestre Ibáñez" terá a seguinte composición:

1. *A Dirección do conservatorio, que exercerá a Presidencia.*

2. *O/A Xefe/a de Estudos do conservatorio.*
3. *Un/unha representante do Concello de Monforte de Lemos.*
4. *Dous representantes de pais e nais ou titores/as legais.*
5. *Un representante do persoal de administración e servizos do conservatorio.*
6. *Tres profesores/as elixidos/as por e dende entre os membros do claustro.*
7. *Dous representantes dos/as estudantes elixidos por e dende este grupo.*
8. *O/A Secretario/a, con voz e sen voto.*

2º.- Unha vez constituído o Consello Escolar, designará unha persoa para promover medidas educativas que promovan a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

3º.- O procedemento para a elección, constitución, renovación e substitución do Consello Escolar rexeráse polo disposto na normativa establecida para tal efecto.

Artigo 16.- Competencias do Consello Escolar.

O Consello Escolar terá as seguintes competencias:

1. *Formular ao equipo directivo propostas para a preparación de proxectos educativos e de xestión, a programación xeral anual e as normas de organización e funcionamento, e aprobalas e avalialas sen prexuízo das competencias do claustro en relación coa planificación e organización do ensino, así como para informar da memoria anual do conservatorio.*
2. *Facer propostas ao Concello sobre as normas de organización e funcionamento.*
3. *Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral do conservatorio, especialmente a evolución do rendemento académico dos/as estudantes, os resultados das avaliacións internas e externas e a xestión da información entre os distintos sectores da comunidade educativa.*
4. *Decidir a admisión de estudantes segundo a normativa vixente.*
5. *Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no conservatorio, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.*
6. *Coñecer a iniciación e resolución de expedientes disciplinarios para o alumnado e garantir o seu cumprimento da normativa vixente.*
7. *Coñecer as candidaturas á dirección o procedemento de selección e a resolución do mesmo.*

8. *Ser informado do nomeamento e destitución dos membros do equipo directivo.*
9. *Elaborar propostas e informes por iniciativa propia ou a petición do Concello sobre a organización e funcionamento do Conservatorio ou da Consellería competente en materia de ensino e aspectos educativos.*
10. *Establecer os criterios para colaborar, con fins educativos e culturais, con administracións locais e rexionais, centros educativos e outras entidades públicas e privadas.*
11. *Propoñer a renovación das instalacións e equipamentos do conservatorio e facer un seguimento da súa conservación.*
12. *Promover políticas de igualdade no conservatorio.*
13. *Calquera outra que lle sexa atribuída polo Concello ou a Consellería, no ámbito das súas competencias.*

Artigo 17.- Ausencia de candidatos/as para formar parte do Consello Escolar.

Se algún dos sectores da comunidade escolar non elixe aos/ás seus/súas representantes no Consello Escolar por razóns que lle son imputables, este feito non invalidará a constitución do Consello Escolar.

Artigo 18.- Convocatoria do Consello Escolar.

O Consello Escolar reunirse polo menos unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o Director/a ou o solicite polo menos un terzo dos seus membros.

En calquera caso, tamén será obrigatoria unha sesión do Consello Escolar ao comezo do curso e outra ao final do curso.

A asistencia ás sesións do Consello Escolar será obrigatoria para todos os/as seus membros.

A convocatoria do Consello Escolar do Conservatorio corresponde ao Director/a e deberá ser notificada por escrito a todos os/as seus membros cunha antelación mínima de 48 horas, agás as sesións extraordinarias que deberán ser notificadas cunha antelación mínima dun día lectivo.

A convocatoria irá acompañada, como mínimo, da orde do día e da documentación correspondente aos asuntos a tratar.

A orde do día fixaraa o/a Presidente/a, que terá en conta, no seu caso, as peticións dos/as membros do Consello Escolar do Conservatorio, sempre que se formulen por escrito cunha semana de antelación como mínimo.

A axenda dunha sesión ordinaria sempre incluírá un punto de rogos e preguntas.

Calquera asunto que non figure na orde do día non pode ser obxecto dun acordo, a non ser que estean presentes todos/as os/as compoñentes do Consello Escolar do Conservatorio e se declare a urxencia do asunto, co voto favorable da maioría absoluta.

Artigo 19.- Comezo das sesión do Consello Escolar.

O Consello Escolar do Conservatorio reunirse, previa convocatoria persoal dos/as seus membros, quedando validamente constituído na primeira convocatoria pola presenza da metade máis un dos seus compoñentes, e cos/coas membros presentes na segunda convocatoria.

Artigo 20.- Aprobación de propostas do Consello Escolar.

A aprobación dunha proposta farase por maioría simple dos/as membros presentes. No caso de que o número de votos afirmativos e negativos fose idéntico, repetiríase a votación, e se o empate persiste, decidirá o voto de calidade do/a Presidente/a.

Para o seguinte requirirase unha maioría cualificada de dous terzos dos/as membros do Consello Escolar do Conservatorio:

- 1. Aprobación e modificación do proxecto educativo do centro.*
- 2. Proposta de modificación do Regulamento do Conservatorio.*

As votacións realizaranse xeralmente a man alzada, a non ser que se refiran a nomes de persoas que se realizaran en furna con voto segredo.

O/A Presidente/a pode decidir levar a cabo unha votación secreta, por iniciativa propia ou por petición dun/dunha membro do Consello Escolar do Conservatorio. Cando o/a Presidente/a non atenda esa petición, o Consello Escolar decidirá previamente e a man alzada o tipo de voto a realizar.

Ningún/ningunha membro do Consello Escolar do Conservatorio poderá ser substituído nin delegado o seu voto.

O Consello Escolar do Conservatorio celebrará as súas reunións, preferentemente, de xeito presencial. Podrán celebrarse de forma telemática cando as circunstancias, motivadas, así o aconsellen.

Artigo 21.- Asistencia ao Consello Escolar.

Os/as membros do Consello Escolar do Conservatorio estarán exentos/as durante o tempo que duren as sesións, de calquera responsabilidade de carácter académico ou

laboral que se derive da súa asistencia ao mesmo. As sesións desenvolveranse dentro da xornada laboral.

Artigo 22.- Actas do Consello Escolar.

A acta de cada sesión do Consello Escolar do Conservatorio será elaborada polo/a Secretario/a, que especificará necesariamente os/as asistentes, se a sesión é presencial ou en liña, a orde do día da reunión, as circunstancias da data lugar e hora en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, a forma e resultado das votacións e o contido dos acordos.

A acta incluírá, a petición dos/as respectivos/as membros do Consello Escolar do Conservatorio, o voto en contra da resolución adoptada, a súa abstención e os motivos que o xustifican ou o sentido do seu voto favorable.

A acta das sesións será asinada polo/a Secretario/a co visto e praxe do/a Presidente/a e aprobarase ao final da sesión ou na sesión ordinaria inmediatamente posterior.

O borrador da acta, pendente de aprobación, das sesións celebradas con anterioridade, poderá remitirse aos/ás membros do Consello Escolar do Conservatorio coa convocatoria da sesión na que se deberá aprobar a devandita acta.

Non obstante o anterior, calquera membro do Consello Escolar do Conservatorio poderá solicitar a lectura de parte da acta no momento da súa aprobación, mediante petición motivada.

As actas aprobadas no Consello Escolar do Conservatorio serán públicas.

Artigo 23.- O Claustro. Definición.

1. O Claustro é o órgano de participación dos/as profesores/as no control e goberno dos conservatorios de música e danza e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e decidir, todos os aspectos educativos destes.

2. O Claustro estará presidido pola dirección e estará formado por profesores/as que presten servizos no conservatorio.

Artigo 24.- Competencias do Claustro.

- 1. Facer propostas ao equipo directivo para a preparación e desenvolvemento do proxecto educativo e da programación xeral anual, así como propoñer iniciativas no ámbito da innovación educativa e da formación docente.*
- 2. Aprobar, informar e avaliar o desenvolvemento do currículo nas distintas especialidades, así como todos os aspectos educativos do proxecto educativo e*

da programación xeral anual e emitir un informe sobre as normas de organización e funcionamento do conservatorio.

3. *Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral do conservatorio, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado, os resultados das avaliacións internas e externas, e a xestión da información entre os diferentes sectores da comunidade educativa.*
4. *Coñecer as candidaturas á dirección e os seus proxectos, e ser informado das propostas de nomeamento e destitución dos/as membros do equipo directivo.*
5. *Elixir os/as seus/súas representantes no Consello Escolar e no equipo de dinamización da lingua galega.*
6. *Coñecer a resolución de expedientes disciplinarios e a imposición de sancións ao alumnado.*
7. *Calquera outra atribuída polo Concello de Monforte de Lemos ou a Consellería no ámbito das súas competencias.*

Artigo 25.- Os Departamentos Didácticos.

Aplicarase o disposto no art. 23 do Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 26.- A Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Aplicarase o disposto no art. 29 do Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 27.- Equipo de dinamización da lingua galega.

Aplicarase o disposto no art. 31 do Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 28.- As Titorías.

Aplicarase o disposto no art. 39 do Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 29.- Outros órganos do Conservatorio.

No non expresamente regulado neste regulamento e, en relación con outros órganos do Conservatorio, seguirase o disposto no Decreto 223/2010, do 30 de decembro,

polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

TÍTULO IV. DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Artigo 30.- Composición da Comunidade Educativa.

A comunidade educativa do Conservatorio estará formada polo profesorado, o alumnado, o persoal de administración e servizos e os pais/nais ou representantes legais dos/as alumnos/as.

CAPÍTULO I. DO PERSOAL DOCENTE

Artigo 31.- Réxime xurídico do persoal docente do Conservatorio.

As relacións do persoal do centro do Conservatorio municipal Mestre Ibañez no aspecto laboral dependerán do Concello de Monforte de Lemos.

Artigo 32.- Dereitos.

Ademais do establecido polo Concello en materia laboral, terán dereito:

- 1. Dentro do respecto á Constitución e ás leis vixentes, liberdade de ensino. Esa liberdade, dirixida a acadar os fins educativos establecidos nas devanditas leis, supón a total iniciativa do/a profesor/a á hora de escoller os métodos de traballo que considere máis axeitados para o seu traballo na clase.*
- 2. Respetar a súa integridade física e mental e a súa dignidade profesional en todo momento e por todos os/as membros da comunidade educativa.*
- 3. O dereito de reunión, sempre que non perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes.*
- 4. A aprendizaxe ao longo da vida constitúe un dereito e unha obriga de todos/as os/as profesores/as e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.*
- 5. Os/as profesores/as terán dereito a solicitar do/a Xefe/a de Estudos o cambio específico dunha ou varias clases para a súa actuación en concertos, cursos, conferencias e aquelas actividades que afecten á formación e ao espírito de mellora profesional do/a interesado/a e representen beneficio para os/as estudantes, a boa imaxe profesional e o prestixio do propio centro.*
- 6. Os devanditos cambios poderán ser autorizados polo/a Xefe/a de Estudos sempre que exista coñecemento e aceptación previa por parte do/a alumno/a ou alumnos/as afectados/as e que non interfira no normal funcionamento do centro.*

7. *Ser informado por quen corresponda, dos asuntos que conciernen ao centro en xeral, ou a eles en particular.*
8. *Empregar o material do centro para ensinar.*
9. *Elevar propostas ante os/as seus/súas representantes no Consello Escolar.*
10. *Ser informados/as polos/as seus/súas representantes dos asuntos tratados polo Consello Escolar.*
11. *O profesorado terá dereito a que se lles comuniquen ó correo do concello que teñen habilitado, calquera información, instrucción, orde e convocatoria que lles afecte, que sexan realziadas polo/a Xefe/a de Estudos, Secretario/a ou Dirección do Conservatorio, sendo considerado este medio como fehaciente a efectos de comunicación. (art. 14.2.e da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).*

Artigo 33.- Deberes.

Ademais dos deberes que se derivan da súa relación laboral co Concello, deben:

1. *Impartir as clases de xeito adecuado e a tempo de acordo co calendario de clases establecido. As faltas de puntualidade e asistencia, tanto a clases como a claustros, reunións e sesións de avaliación, serán controladas polo/a Xefe/a de Estudos, que as comunicará á dirección, para que se adopten as medidas disciplinarias oportunas, que sexan trasladadas a/o Concelleiro/a responsable de persoal.*
2. *Garantir que as instalacións e os bens do centro estean en condicións adecuadas para o seu uso, notificando ao/á Secretario/a ou ao/á Xefe/a de Estudos calquera anomalía ou dano.*
Tanto o Secretario/a como o Interventor/a, teñen atribuídas respectivamente, as mesmas funcións nas sesións do Consello Rector do Instituto que as correspondentes aos órganos colexiados municipais, e poderán percibir as indemnizacións e asignacións que se acorden, dentro dos límites da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre incompatibilidades do sector público e disposicións concordantes.

Artigo 8

Todos os membros do Consello Rector serán nomeados polo/a Presidente/a, a proposta dos diferentes grupos municipais e as súas funcións non superarán o mandato da respectiva Corporación Municipal, debéndose renovar cada vez que se proceda á constitución dunha nova Corporación.

Os membros do Consello Rector poderán percibir dietas e outras indemnizacións conforme á normativa vigente.

CAPÍTULO III.- RÉXIME DE SESIÓNS

Artigo 9

Son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade esta preestablecida. O Consello Rector reunirse, alomenos, unha vez ao ano, os luns da primeira semana do mes de setembro.

Son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Presidente/a con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte, alomenos, do número legal de membros do Consello Rector. Tal solicitude deberá de realizarse por escrito no que se razone o asunto ou asuntos que a motiven, asinado personalmente por todos os que a subscriben.

A convocatoria da sesión extraordinaria a instancia de membros do Consello Rector deberá efectuarse dentro dos catro días seguintes á petición e non poderá demorarse a súa celebración por máis de dous meses dende que o escrito tivera entrada no Rexistro Xeral.

Para a válida constitución do Consello Rector requírese a asistencia dun tercio do seu número legal de membros, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso requirirase a asistencia do Presidente/a e do Secretario/a ou de quen legalmente lles substitúan.

Si en primeira convocatoria no existirá o quórum necesario segundo o disposto no párrafo anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois. Se tampouco se alcanzase o quórum necesario, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria pospoñendo o estudo dos asuntos incluídos na orde do día para a seguinte sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 10

A adopción dos acordos axustarase ao disposto no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

CAPÍTULO IV.- ATRIBUCIÓN S

Artigo 11

Corresponde ao Consello Rector as seguintes atribucións:

- a) Formular e aprobar os plans de actuación e de xestión do Instituto con suxeición ao presuposto.*
- b) Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación das ordenanzas e regulamentos e ditar instrucións de carácter interno para o desenvolvemento dos servizos.*
- c) Proposta do presuposto do Instituto para a súa aprobación polo pleno Municipal, adxuntando a documentación regulamentaria, remitíndoos no prazo legalmente previsto.*
- d) Someter á aprobación do Concello as contas do Instituto, así como a súa Memoria, Inventario e o Balance anual, dentro dos seis primeiros meses do exercicio.*
- e) Propoñer ao Pleno do Concello a plantilla de personal e relación de postos de traballo, así como a fixación da cuantía das retribucións complementarias do personal.*
- f) Proposta ao Pleno do Concello da aprobación dos expedientes de transferencia de crédito, crédito extraordinario ou suplemento de créditos, así como elevar ao Ilmo. Sr. Alcalde para a súa aprobación a correspondente proposta de liquidación do Presuposto.*

- g) Aprobar os proxectos de obras, instalacións ou servizos, ademáis dos proxectos urbanísticos u outros proxectos que esixan a expropiación forzosa, casos nos que corresponderá a súa aprobación ao Pleno do Concello.*
- h) A contratación de obras, servizos e subministros, sempre que no caso de xestión de servizos non impliquen alteración na forma de xestión, dentro dos límites contemplados na lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Todas as contratacións que impliquen compromisos de gastos de carácter plurianual corresponderán ao Pleno do Concello.*
- i) Adquisición de bens de acordo coas consignacións presupostarias do Instituto.*
- j) Exercitar todo tipo de accións legais para a defensa dos seus fins.*
- k) As recollidas para o pleno no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en tanto resulten de aplicación á organización e fins do Instituto.*

Artigo 12

O Consello Rector poderá delegar as funcións que lle correspondan nos demais órganos do IMD.

CAPÍTULO V.- O/A PRESIDENTE/A e VICEPRESIDENTE/A

Artigo 13

O/A Presidente/a do Consello Rector do Instituto será o Alcalde/sa-Presidente/a do Excmo. Concello de Monforte de Lemos.

O/A Vicepresidente/a do Consello Rector do Instituto será nomeado polo Alcalde/sa, entre os membros do Consello Rector.

Artigo 14

Corresponderá ao Presidente/a do Consello Rector:

- a) Ostentar a representación a todos os efectos do Instituto.*
- b) Convocar, presidir, suspender e aplazar as reunións do Consello Rector, dirixir as deliberacións e dirimir os empates co voto de calidade.*
- c) A superior inspección e dirección de todos os servizos do Instituto.*
- d) A contratación de obras, servizos e subministros cos límites e condicións establecidos na normativa de contratación do sector público.*
- e) Propoñer ao Consello Rector a adopción de cantas medidas estime necesarias en relación co personal.*
- l) As recollidas polo Alcalde/sa no art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de réxime local, en tanto resulten de aplicación á organización e fins do Instituto.*

Artigo 15

Tanto o Consello Rector como o seu Presidente/a poderán solicitar o asesoramento que precisen sobre asuntos de interese, acudindo para tal fin ás personas ou entidades que estimen convinte.

Artigo 16

O/A Presidente/a, en caso de urxencia, adoptará as medidas que estime necesarias, dando conta ao Consello Rector na primeira sesión que se celebre ou na extraordinaria que ao efecto se poida convocar.

Artigo 17

O/A Vicepresidente/a substituirá ao Presidente/a e asumirá as súas atribucións nos casos de vacante, ausencia e enfermidade. Ademais, exercerá as funcións que lle delegue o/a Presidente/a, por escrito, dando conta delas ao Consello Rector.

CAPÍTULO VI.- DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 18

A Xunta de Goberno do Instituto intégrase polo/a Presidente/a e un número de membros non superior ao tercio dos que compoñen o Consello Rector, nomeados e separados libremente por aquél/aquela, dando conta a dito Consello.

2. Corresponde á Xunta de Goberno:

a) A asistencia ao Presidente/a no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que o/a Presidente/a ou outro órgano do Instituto lle delegue.

3. O/A Presidenta pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno.

CAPÍTULO VII.- ÓRGANO DE ASESORAMENTO: CONSELLO ASESOR

Artigo 19

O Consello Asesor terá por finalidade colaborar co Consello Rector e co resto dos órganos do Instituto, emitindo cantos informes lle sexan solicitados e participando no desenvolvemento das súas propostas e suxerencias en relación coa actividade do mesmo.

As conclusións e ditames do Consello Asesor terán carácter informativo e non vinculante.

O Consello Asesor, que terá un máximo de dez membros, estará integrado por representantes de asociacións ou colectivos relacionados cos fins do Instituto designados por elas e entre elas, de acordo cos criterios que ao efecto sexan aprobados polo Consello Rector.

TÍTULO TERCEIRO: DE LOS RECURSOS HUMANOS

Artigo 20

O Instituto contará cos recursos humanos que sexan precisos para o desenvolvemento das súas funcións. O número, categorías e réxime xurídico do persoal deberá figurar no seu cadro de postos de traballo xunto co presuposto que sexa remitido ao Concello para a súa aprobación.

TÍTULO CUARTO : DO PATRIMONIO

Artigo 21

- 1. O Concello poderá afectar ao IMD os bes que se acorden.*
- 2. As adquisicións necesarias do IMD ou calquera outra disposición, se efectuarán a proposta deste, polo propio Concello.*
- 3. A inscrición, no seu caso, no Rexistro da Propiedade, de bens inmoables adquiridos polo IMD efecturase a nome do Concello.*

Artigo 22

Os recursos do IMD estarán constituídos por:

- a) As cantidades consignadas para tal finalidade nos presupostos do Concello.*
- b) Os rendementos do propio servizo, no seu caso.*
- c) Os produtos e frutos do patrimonio afectos ao servizo.*
- d) As subvencións e aportacións da Xunta de Galicia e doutras administracións públicas, así como de corporacións, entidades e particulares.*
- e) Os préstamos obtidos de entidades e particulares, que deberán contar coa autorización do Concello.*
- f) Calquera outras que puidesen corresponder ao IMD de acordo coa normativa de aplicación.*

Artigo 23

O IMD confeccionará anualmente o seu presuposto que comprenderá todos os gastos e ingresos da entidade con suxeición ao establecido na normativa de aplicación en materia de facendas locais.

Artigo 24

- 1. O presuposto deberá remitirse ao Concello con anterioridade ao 15 de setembro cada ano coa documentación esixida legalmente.*

2. *Se ao iniciarse o exercicio económico non fose aprobado o orzamento do presuposto ordinario, os créditos inicialmente autorizados do exercicio anterior, consideraranse automaticamente prorrogados ata a aprobación do novo orzamento.*

Artigo 25

As partidas de gastos comprenderán as previsións para o sostenemento normal do IMD, adquisición e reposición de bens e efectos, materiais e elementos necesarios para os seus fins, retribucións do personal, material de oficina, intereses e amortizacións de préstamos, no seu caso, impostos e sancións e, en xeral, cantos fosen obxecto de previsión nos plans e programas de actuación aprobados.

Artigo 26

O proxecto de presuposto ordinario será formado polo Presidente/a, asistido/a polo Interventor/a e aprobado posteriormente polo Consello Rector, elevándose ao Concello para a súa aprobación definitiva.

TÍTULO QUINTO: XESTIÓN ECONÓMICA DO INSTITUTO

CAPÍTULO I: INTERVENCIÓN E CONTABILIDADE Y TESORERÍA

Artigo 27

A Intervención exercerá a fiscalización permanente da xestión económica do Instituto, coa autonomía que lle caracteriza.

Artigo 28

Os fondos do Instituto serán custodiados en contas correntes bancarias abertas a nome do Instituto, que se determinen pola Presidencia. Para a disponibilidad de ditos fondos precisaranse as firmas do/a Presidente/a e do/a Interventor/a.

Artigo 29

1. *A contabilidade do Instituto desenvolverase baixo a dirección do/a Interventor/a na forma que determina a normativa de aplicación segundo as directrices que no relativo á informatización que determine o Concello.*
2. *O Instituto organizará a actividade complementaria de tipo analítico para o estudio coste-efectividade dos seus servizos.*

Artigo 30

O Consello Rector elevará ao Concello de Monforte de Lemos, dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio:

- a) *As contas xerais que reflectan a actividade económica de todo tipo.*

- b) *A conta anual do patrimonio, bens dereitos e accións.*
- c) *Inventario e Balance.*
- d) *Memoria de todas as actividades do Instituto.*

CAPÍTULO II.- EXECUCIÓN DE ACTUACIONES DO INSTITUTO

Artigo 31

Cando non sexa posible a execución dunha obra ou a realización dun servizo ou subministro cos recursos personales e materiais cos que conta o Instituto, o Consello Rector ou o seu Presidente/a, segundo as súas respectivas atribucións, poderán proceder a súa contratación de acordo coa normativa contractual aplicable ao sector público.

Artigo 32

Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación de obras, servizos ou subministros redactaranse de acordo coas normas xerais do Concello e con aplicación da normativa contractual referida ao sector público.

Artigo 33

O Instituto xestionará directamente as obras proxectadas no seu plan de actuación e aquelas que o Concello lle encomende.

TÍTULO SEXTO: RÉXIME XURÍDICO

Artigo 34

Procedimentalmente o Instituto deberá axustarse ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 35

Os acordos dos órganos do Instituto poderán ser recorridos de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 36

As relacións administrativas entre o Instituto e a Administración Municipal efectuaranse a través da Concellalía competente na materia.

TÍTULO SÉTIMO: FACULTADE DE TUTELA DO CONCELLO

Artigo 37



1. *A facultade de tutela sobre o Instituto corresponderá indelegablemente ao Concello de Monforte de Lemos, que a exercerá en aplicación do artigo 87 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.*
2. *Estas facultades tutelares corresponderán á aprobación de:*
 - a) *Os presupostos do Instituto.*
 - b) *As contas, memoria, balance e inventario anuais.*
 - c) *A enaxenación, cesión do gravame de bens inmobles, sempre que non constitúa a simple realización da finalidade específica sinalada no Instituto.*
 - d) *A solicitude de crédito público.*
 - e) *As plantillas de personal, tanto fixo como temporal.*
 - f) *Modificación dos Estatutos*
 - g) *As demais establecidas normativamente.”*

SEGUNDO.- Someter a información pública e audiencia aos interesados, polo prazo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxestións.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria Prada sinalando que se trae a este pleno a aprobación inicial do estatutos IMD. O fin é regular a situación do instituto. Estes estatutos non estaban incorporados á acta xa que foi moi difícil atopalos, é necesario estipular uns órganos de control. Todo isto é co obxecto de que IMD funcione con arreglo á Lei de Bases de Réxime Local.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

5º.- CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS, QUE CONTEÑEN RÉXIME SANCIONADOR, EN RELACIÓN CO PRAZO DE RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“PRIMEIRO.- Analizada a proposta da Secretaría Xeral, do tenor literal seguinte:

“ASUNTO.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS MUNICIPIAS, QUE CONTEÑEN RÉXIME SANCIONADOR, EN RELACIÓN CO PRAZO DE RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES.

ANTECEDENTES

1º.- Coa entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común, produciuse a derogación do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobaba ó Regulamento para o exercicio da potestade Sancionadora.

Polo tanto derogouse a previsión contida no artigo 20.6 de dito regulamento que fixaba o prazo para resolvelo procedemento en 6 meses.

“Art. 20.6. Si no hubiese recaído resolución transcurridos seis meses desde la iniciación, teniendo en cuenta las posibles interrupciones de su cómputo por causas imputables a los interesados o por la suspensión del procedimiento a que se refieren los artículos 5 y 7, se iniciará el cómputo del plazo de caducidad establecido en el artículo 43.4 de la Ley 30/1992, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Transcurrido el plazo de caducidad, el órgano competente emitirá, a solicitud del interesado, certificación en la que conste que ha caducado el procedimiento y se ha procedido al archivo de las actuaciones.”

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobaba ó Regulamento para o Exercicio da Potestade Sancionadora.

- Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

- Lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público.

- Ordenanzas municipais que conteñan réxime sancionador.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

Como se indica nos antecedentes administrativos deste informe, coa entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, produciuse a derogación do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobaba ó Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

Polo tanto derogouse a previsión contida no artigo 20.6 de dito regulamento que fixaba o prazo para resolvelo procedemento en 6 meses.

Polo exposto na actualidade debemos acudir á Lei 39/2015, de 1 de outubro, para determinar o prazo máximo para resolver os expedientes sancionadores nos que se apliquen as ordenanzas municipais do noso Concello, nas que non conste previsto un prazo máximo para ditar e notificar a resolución dos procedementos sancionadores iniciados ó amparo destas.

O prazo máximo para resolver de acordo co disposto no artigo 21.3 da lei 39/2015 de 1 de outubro, "cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen prazos máximos" será de tres meses.

Neste senso ó artigo 25 da lei 39/2015 dispón:

"Artículo 25. Falta de resolución expresa en procedimientos iniciados de oficio.

1. En los procedimientos iniciados de oficio, el vencimiento del plazo máximo establecido sin que se haya dictado y notificado resolución expresa no exime a la Administración del cumplimiento de la obligación legal de resolver, produciendo los siguientes efectos:

a) En el caso de procedimientos de los que pudiera derivarse el reconocimiento o, en su caso, la constitución de derechos u otras situaciones jurídicas favorables, los interesados que hubieren comparecido podrán entender desestimadas sus pretensiones por silencio administrativo.

b) En los procedimientos en que la Administración ejercite potestades sancionadoras o, en general, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables o de gravamen, se producirá la caducidad. En estos casos, la resolución que declare la caducidad ordenará el archivo de las actuaciones, con los efectos previstos en el artículo 95.

2. En los supuestos en los que el procedimiento se hubiera paralizado por causa imputable al interesado, se interrumpirá el cómputo del plazo para resolver y notificar la resolución."

Asimesmo o artigo 95 da mesma norma dispón sobre a caducidade:

Artículo 95. Requisitos y efectos.

“1. En los procedimientos iniciados a solicitud del interesado, cuando se produzca su paralización por causa imputable al mismo, la Administración le advertirá que, transcurridos tres meses, se producirá la caducidad del procedimiento. Consumido este plazo sin que el particular requerido realice las actividades necesarias para reanudar la tramitación, la Administración acordará el archivo de las actuaciones, notificándose al interesado. Contra la resolución que declare la caducidad procederán los recursos pertinentes.

2. No podrá acordarse la caducidad por la simple inactividad del interesado en la cumplimentación de trámites, siempre que no sean indispensables para dictar resolución. Dicha inactividad no tendrá otro efecto que la pérdida de su derecho al referido trámite.

3. La caducidad no producirá por sí sola la prescripción de las acciones del particular o de la Administración, pero los procedimientos caducados no interrumpirán el plazo de prescripción.

En los casos en los que sea posible la iniciación de un nuevo procedimiento por no haberse producido la prescripción, podrán incorporarse a éste los actos y trámites cuyo contenido se hubiera mantenido igual de no haberse producido la caducidad. En todo caso, en el nuevo procedimiento deberán cumplimentarse los trámites de alegaciones, proposición de prueba y audiencia al interesado.

4. Podrá no ser aplicable la caducidad en el supuesto de que la cuestión suscitada afecte al interés general, o fuera conveniente sustanciarla para su definición y esclarecimiento.”

Polo tanto, cando as normas sectoriais, neste caso, as ordenanzas municipais do Concello de Monforte de Lemos que conteñen a previsión dun procedemento sancionador, non regulen expresamente ó prazo de caducidade do procedemento sancionador haberá que acudir ó art. 21 da Lei 39/2015 e interpretar que ó prazo para resolver e notificar un procedemento sancionador será de tres meses, a contar dende a fecha do acordo de iniciación, prazo que resulta manifestamente insuficiente pois esixe notificar un mínimo de tres acordos (incoación, proposta de resolución e imposición, ou non, da sanción). Para o trámite de ditos procedementos

é precisa a concesión de dous prazos de alegacións, de 15 días hábiles cada un (incoación e proposta de resolución).

Polo exposto, a xuízo do que subscribe, resulta necesaria a modificación de todas aquelas ordenanzas municipais que conteñan un réxime sancionador, establecendo como prazo máximo para notificar e resolver ditos procedementos o de 6 ou 9 meses dende o día seguinte ao acordo de incoación do procedemento sancionador en cuestión, ata a notificación da resolución que poña fin ó procedemento.

Con base no anteriormente exposto propono á Alcaldía que eleve ao Pleno unha proposta de adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Con base no establecido no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, realizar consulta pública para a modificación das seguintes ordenanzas municipais no senso indicado.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA DENOMINACIÓN E ROTULACIÓN DAS VÍAS PÚBLICAS E DA NUMERACIÓN DE EDIFICIOS.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE VERTEDEURAS E DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO.

ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA E POR VIBRACIÓNS.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS, DISTANCIA DAS PLANTACIÓNS E XESTIÓN DA BIOMASA FORESTAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

ORDENANZA XERAL DE PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUTIVOS E SOLARES.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS, TOLDOS, PARASOIS, CELOSÍAS OU BIOMBOS NAS ZONAS DE INTERESE TURÍSTICO.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS.

SEGUNDO.- Determinar que dita modificación das ordenanzas afecta, exclusivamente, ao prazo para a tramitación dos procedementos sancionadores, sen prexuízo da tramitación do oportuno expediente no caso de que ditas ordenanzas sexan modificadas, no seu contido, con posterioridade.”

SEGUNDO.- Analizado informe de Secretaría Xeral do tenor literal seguinte:

“INFORME DA SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS SOBRE A CONSULTA PREVIA Á MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS, QUE

CONTEÑEN RÉXIME SANCIONADOR, EN RELACIÓN CO PRAZO DE RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES.

PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en

calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas se substanciará una consulta pública.

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”

g. Entrada en vigor.

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis

días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa ten que ser realizada mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta previa á MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS, QUE CONTEÑEN RÉXIME SANCIONADOR, EN RELACIÓN CO PRAZO DE RESOLUCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES.

É canto procede informar”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Realizar a consulta pública previa en relación á modificación das seguintes ordenanzas municipais, no que se refire ao prazo para a tramitación dos procedementos sancionadores:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA DENOMINACIÓN E ROTULACIÓN DAS VÍAS PÚBLICAS E DA NUMERACIÓN DE EDIFICIOS.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE VERTE DURAS E DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO.

ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA E POR VIBRACIÓNS.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS, DISTANCIA DAS PLANTACIÓNS E XESTIÓN DA BIOMASA FORESTAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

ORDENANZA XERAL DE PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUTIVOS E SOLARES.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS, TOLDOS, PARASOIS, CELOSÍAS OU BIOMBOS NAS ZONAS DE INTERESE TURÍSTICO.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS.

2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Monforte de Lemos, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública os cidadáns afectados, en concreto ás persoas físicas empadroadas en Monforte de Lemos, así como as

organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º- A consulta faise coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

4º.- Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.

5 º.- Ordenar a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria Prada sinalando que neste Concello existen ordenanzas que conteñen un réxime sancionador, a de vertidos, a instalación de terrazas, etc, nas que non constan un prazo máximo para notificar a resolución dos procedementos sancionadores. Fala que o prazo resulta insuficiente para resolver, iniciación, proposta de resolución, imposición ou non de sanción, é necesario ampliar este prazo, por iso traése ao pleno a modificación das ordenanzas que conteñan este réxime sancionador.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidad cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

6º.- CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS E SOLARES.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“ Analizado informe da Secretaría Xeral, do tenor literal seguinte:

“INFORME DA SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS SOBRE ACONSULTA PREVIA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS Y SOLARES.

PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas se substanciará una consulta pública.

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. *Información pública e audiencia dos interesados.*

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. *Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

f. *Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”*

g. *Entrada en vigor.*

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa ten que ser realizada mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta previa á modificación da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS E SOLARES.

É canto procede informar”.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, se substanciará unha consulta pública.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Realizar a consulta pública previa en relación á modificación da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS E SOLARES.

2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Monforte de Lemos, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública os cidadáns afectados, en concreto ás persoas físicas empadroadas en Monforte de Lemos, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º.- A consulta faise coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

4º.- Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.

5 º.- Ordenar a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria Prada manifestando que se esta consulta pública que á fase inicial, fala de que a a ordenanza inicial é do ano 2005, que é necesario adaptala as circunstancias actuais, polo tanto é necesario modificar o seu articulado e introducir as necesidades actuais.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

7^a.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2020.

O ditame é favorable á moción, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

“Vista a documentación da Conta Xeral de 2020 -do Concello e do organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencia-, formada por Intervención, coas seguintes magnitudes e cifras a fin de exercicio:

CONCELLO.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 67.948.659,81 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 1.887.444,45 €.
- Resultado Orzamentario axustado: 2.085.360,09 €.
- Remanente de Tesourería total: 10.796.354,42 €.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais: 7.446.802,40 €.

INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 76.389,58 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 6.027,13 €.
- Resultado Orzamentario axustado: 6.163,60 €.
- Remanente de Tesourería total: 37.758,42 €.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais: 37.359,91 €.

A Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas emite o INFORME previsto no art. 212.3 da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL), en sentido FAVORABLE, por cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto) BNG , e de Jaime Germán Vázquez Perez (Grupo Mixto) ESPERTA MONFORTE!”.

De seguido prodúcese as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria Prada manifesta como está formada a conta xeral. Sinala que non houbo ningunha alegación e traese ao pleno para a súa aprobación, e será remitida ao Consello de Contas antes do 15 de outubro.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

8º.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS PARA O ANO 2022.

O ditame é favorable á moción, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

“Transcríbese a proposta de alcaldía:

Vista as obrigas contractuais que ten o Concello coas empresas que prestan os servizos de Recollida, Tratamento e Eliminación de Lixo , abastecemento de auga, prestación se servizos rede de sumidoiros e depuración faise necesario incrementar as tarifas en concordancia ao IPC. (Agosto 2020- agosto 2021 3,3%)

Respecto da Ordenanza Fiscal Xeral dos Ingresos Municipais modifícase o calendario fiscal para o exercicio 2022.

Establécese no prezo público pola venda de libros, impresos, publicacións, postais, láminas e outros, os prezos de venda da Guía Turística Concello de Monforte Lemos e da Credencial do Peregrino .

O Concello de Monforte de Lemos pertence á Rede de Teatros e Auditorios de Galicia dirixida polo AGADIC, organismo da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, asinando un convenio anual. O Concello de Monforte de Lemos está catalogado dentro dos Espazos B e o espazo escénico adscrito é o Edificio Multiusos.

Segundo a RGTA “as funcións incluídas nas programacións deberán ser de libre acceso para todos os interesados, previo aboamento do importe da entrada, cos seguintes prezos mínimos (agás nas funcións realizadas noutro espazo escénico non adscrito á RGTA)

<i>Caché do espectáculo</i>	<i>Prezo mínimo</i>
	<i>Espazos B e C</i>
<i>750-2.500 €</i>	<i>2,5 €</i>



2.501-5.000 €	3,5 €
>5.001	5 €

As entidades titulares dos teatros e auditorios da RGTA poderán establecer descontos de ata un 50% como máximo do prezo da entrada para estudantes, persoas da terceira idade e menores de 12 anos e outros colectivos propostos polos espazos e coa autorización da AGADIC. Igualmente, poderán establecer promocións de ata o 25% dos prezos por asistencia a un mínimo de 3 funcións por semestre. As restantes promocións que se pretendan aplicar deberán ser remitidas previamente á Agadic e aprobadas por esta.

As entidades titulares dos teatros e auditorios da RGTA poderán emitir invitacións gratuítas de ata un máximo do 10% da capacidade do teatro ou auditorio, agás nas estreas”.

4º *No convenio de Colaboración entre a Axencia Galega das Industrias culturais e o Concello de Monforte de Lemos establécense, entre outras, como unha obriga do Concello:*

Estipulación segunda g) Poñer á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas na programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.

A cultura maniféstase como un ben cunha pluralidade de dimensións que requiren unha acción política de carácter integral. A cultura é un elemento central no desenvolvemento persoal e social da comunidade, un instrumento para o reforzamento das relacións cidadáns, expresión fundamental da identidade de Galicia. Neste xeito faise necesario o establecemento do prezo proposto que non cubre o custo do servizo.

Vistos os informes da Intervención municipal e o que dispón o artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos Centrais,

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente as modificacións das seguintes Ordenanzas Fiscais:*

1.1) ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO

A) *Modificar artigo 13 “Calendario Fiscal” - Períodos de cobro Tributos. Quedando redactado do seguinte xeito:*

ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL

1. *Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:*

TRIBUTO	PERÍODO	DATAS DE PAGO	
		DENDE	ATA
a. <i>Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica</i>	<i>Anual</i>	14/04/2022	14/06/2022
b. <i>Imposto de Bens Inmables</i>	<i>Anual</i>	05/08/2022	05/10/2022
c. <i>Imposto sobre Actividades Económicas</i>	<i>Anual</i>	17/08/2022	17/10/2022
d. <i>Taxa pola recollida de lixo</i>	<i>6º bimestre 2021</i>	28/02/2022	29/04/2022
	<i>1º bimestre 2022</i>	27/04/2022	29/06/2022
	<i>2º bimestre 2022</i>	24/06/2022	24/08/2022
	<i>3º bimestre 2022</i>	25/08/2022	25/10/2022
	<i>4º bimestre 2022</i>	27/10/2022	27/12/2022
	<i>5º bimestre 2022</i>	28/12/2022	28/02/2023
	<i>6º bimestre 2022</i>	28/02/2023	28/04/2023
e. <i>Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais</i>	<i>2ª fracción curso 2021/2022</i>	07/03/2022	07/05/2022
	<i>1ª fracción curso 2022/2023</i>	26/10/2022	28/12/2022
f. <i>Taxa de auga rede e sumidoiros</i>	<i>6º bimestre 2021</i>	31/12/2021	28/02/2022
	<i>1º bimestre 2022</i>	01/03/2022	3/05/2022
	<i>2º bimestre 2022</i>	29/04/2022	30/06/2022
	<i>3º bimestre 2022</i>	01/07/2022	1/09/2022



SECRETARIA

		022	22
	4º bimestre 2022	31/08/2022	31/10/2022
	5º bimestre 2022	31/10/2022	02/01/2023
	6º bimestre 2022	30/12/2022	28/02/2023
g.	Resto de taxas	21/09/2022	21/11/2022

2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.

3.- O Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia.

B) Modificar penúltimo parágrafo do artigo 14 "Domiciliacións". Actualización da data de cargo dos recibos do Imposto sobre Bens Inmóbles fraccionados en dous períodos (60% e 40%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO- 14 DOMICILIACIONES

(...)

A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana, nos recibos de importe superior aos 100€, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 5.08.2022 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 4 de decembro polo importe do restante 40% do recibo

(...)

1.2) ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DO TAXA POR RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO

A) Modificación artigo 6 "Cota Tributaria". Incremento 85% do IPC (2,81%)

Quedando redactado do seguinte xeito:



DESCRICIÓN	Importe €/bimestre
Vivendas	
Zona Urbana	13,23
Zona Rural	6,63
Actividades	
Locais sen actividade	13,23
Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677	
Ata 20 m ²	30,87
De 21 m ² a 100 m ²	46,33
De 101 m ² a 200 m ²	61,77
De 201 m ² a 400 m ²	92,64
De 401 m ² a 1000 m ²	138,96
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	77,19
Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969	
Ata 100 m ²	47,64
De 101 m ² a 200 m ²	71,47
De 201 m ² a 400 m ²	119,12
De 401 m ² a 1000 m ²	166,77
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	95,29
Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662	
Ata 20 m ²	37,05
De 21 m ² a 100 m ²	55,58
De 101 m ² a 200 m ²	74,12
De 201 m ² a 400 m ²	111,17
De 401 m ² a 1000 m ²	166,76
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	92,64
Hoteis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951	



<i>Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería</i>	
<i>Ata 100 m²</i>	18,53
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	27,79
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	46,33
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	64,84
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	37,05
<i>Con servizo de restaurante, bar ou cafetería</i>	
<i>Ata 100 m²</i>	20,39
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	30,58
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	50,95
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	71,33
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	37,98
<i>Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares</i>	
<i>No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699</i>	
<i>Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436</i>	
<i>Ata 20 m²</i>	24,71
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	37,05
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	49,4
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	74,12
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	111,17
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	61,77
<i>Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares</i>	
<i>No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615, 616, - Epígrafes 6171, 6172, 6173, 6175, 6176, 6177, 6178, 6179</i>	
<i>Grupos 618, 619, 621, 622, 623, 631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657, 659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76</i>	
<i>División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942, 943, 944, 945, 952, 961, 962, 963, 964, 966, 967, 968, 971, 972, 973, 974, 975, 979, 981, 982, 983, 989, 991, 999</i>	
<i>Ata 20 m²</i>	17,63
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	26,44
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	35,26
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	52,9
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	79,34
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	44,07
<i>Outras actividades non tarifadas expresamente</i>	



<i>Ata 20 m²</i>	17,63
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	26,44
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	35,26
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	52,9
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	79,34
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	44,07
<i>Profesionais e artistas</i>	
<i>Sección 2^a e 3^a</i>	
<i>Profesionais e artistas</i>	15,86

1.3) ORDENANZA FISCAL 2.9 REGULADORA DO TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

Modificación artigo 5 "Tarifas". Incremento IPC (3,3%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 5.- TARIFAS

TARIFA 1.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados ó servizo de Abastecemento de auga, a tarifa a aplicar e a seguinte:

<i>DOMÉSTICOS E COMERCIAL: Consumo Bloque Único</i>	0,1455 €/m ³
<i>INDUSTRIAL / OBRAS: Consumo Bloque Único</i>	0,2184 €/m ³

A efectos da tarifa, consideraranse abonados domésticos, comerciais ou industriais, os así definidos na Ordenanza reguladora da Taxa de Auga e no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento.

No caso de que a través de un único contador se subministre auga a varias vivendas ou locais multiplicarase a cota polo número de vivendas ou locais abastecidos.

TARIFA 2.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados o servizo de saneamento, que non sexan abonados o servizo de abastecemento de auga e que vertan a rede pública de saneamento, sen contador de medida, a tarifa aplicar será:

<i>ABONADOS DOMÉSTICOS E COMERCIAIS</i>	3,16 €/ bimestre
<i>ABONADOS INDUSTRIAIS</i>	6,55 €/ bimestre

Consideraranse abonados domésticos e non domésticos, os que vertan augas residuais a rede pública de saneamento, segundo a clasificación do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento

As tarifas sinaladas engadiráselle o IVE o tipo que corresponda.

1.4) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA

Modificación artigo 5 "Tarifas". Incremento IPC (3,3%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -3- COTA TRIBUTARIA

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza está fixado na tarifa seguinte:

A. Usos domésticos

<i>A.1.- Consumos entre 0 e 10 m³ ó bimestre, mínimo tarifado</i>	<i>o m³ a 0,1819 €</i>
<i>A.2.- Consumos entre 11 e 25 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,2911 €</i>
<i>A.3.- Consumos entre 26 e 50 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,5095 €</i>
<i>A.4.- Consumos de máis de 50 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,7279 €</i>

B. Usos industriais

<i>B.1.- Consumos entre 0 e 10 m³ ó bimestre, mínimo tarifado</i>	<i>o m³ a 0,1455€</i>
<i>B.2.-Consumos entre 11 e 80 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,3275 €</i>
<i>B.3.- Consumo entre 81 e 150 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 0,8006 €</i>
<i>B.4.- Consumos entre 151 e 300 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 1,0918 €</i>
<i>B.5.- Consumos de máis de 300 m³ ó bimestre</i>	<i>o m³ a 1,7104 €</i>

C. Usos especiais

Os consumos que efectúen os Centros de Ensinanza Oficial, Centros de Ensinanza Privada Concertados, Hospital Comarcal e industriais establecidas no Polígono do Reboredo, pagarán os metros cúbicos que consuman bimestralmente ó prezo de 0,3640 € / m³

D. Cota Xeral

Todos os aboados pagarán, con independencia do consumo, a cantidade de: 1,80 € / bimestre

Os aboados que figuren no apartado H), tarifa especial, non aboarán cota xeral.

E. Aboados sen contador ou con contador avariado

Para os aboados de usos domésticos, ó bimestre: 109,17 €

Para os aboados de usos industriais e especiais pagarán ó bimestre: 545,87 €

F. Por entronques e acometidas á rede municipal

Por cada vivenda: 21,83 €

Por cada local de negocio: 29,11 €

G. Altas no servizo

Por cada alta que se formalice, pagarase a cantidade de: 7,27 €

Por depósito, para responder de impagados, soamente para aboados que non sexan propietarios da vivenda ou local de negocio: 43,68 €

H. Tarifa especial

Contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para gozar desta exención o interesado deberá solicitala previamente, acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

A exención quedará sen efecto cando desaparezan as circunstancias persoais que a motivaron. Pagarán, nos usos domésticos, nos consumos entre 0 e 10 m³, ó bimestre, mínimo tarifado, o m³ a 0,0437 €. Considérase consumo mínimo a cota xeral para todos os aboados e consumo entre 0 e 10 metros cúbicos.

As facturacións bimestrais nos usos domésticos, industriais e tarifa especial efectuaranse aplicando ó consumo de cada tramo o importe do metro cúbico consignado para o mesmo.

1.5) PREZO PUBLICO VENDA DE LIBROS, IMPRESOS, PUBLICACIÓNS , POSTAIS, LAMINAS E OUTROS

Modificación artigo 4 CONTÍA DOS PREZOS PÚBLICOS . Engádense os seguintes conceptos:

3) Guía Turística Concello de Monforte Lemos 1€

4) Credencial do Peregrino 2€

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente o establecemento do seguinte prezo público:

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO EN REPRESENTACIÓNS TEATRAIS, MUSICAIS, ARTÍSTICAS, COREOGRÁFICAS, AUDIOVISUAIS E CINEMATOGRAFICAS

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 1º.- CONCEPTO

De conformidade co disposto no artigo 127 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais en relación cos artigos 41 a 47, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de representacións teatrais, musicais, artísticas, coreográficas, audiovisuais e cinematográficas.

ARTIGO 2º.- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do prezo público quen se beneficie do servizo prestado por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º.- CONTÍA. TIPO DE ESPECTÁCULO

3.1.- Espectáculos da Rede Galega de Teatros e Auditorios

<i>Entrada Ordinaria</i>	<i>Entrada Reducida</i> <i>- Estudantes</i> <i>- Persoas 3ªIdade</i> <i>- Menores 12 anos</i>
<i>Espazos B</i>	<i>Espazos B</i>
<i>5 €</i>	<i>3 €</i>

3.2 Calquera actuación extraordinaria que realice o Concello, atendendo as circunstancias, procederá a regular o prezo público mediante acordo da Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 47.1 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 4º.- OBRIGADOS AO PAGO

1 .-Están obrigados ao pago, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a prestación dos servizos recollidos no presente prezo público.

2 .- O pago da do prezo público farase ao retirar a oportuna autorización mediante recibo (entrada) que se expedirá para tal efecto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo aquilo non previsto neste prezo público estarase ao previsto no Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e a Ordenanza Xeral de Prezos Públicos.

TERCEIRO.- *Expoñer ao público os acordos precedentes, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.*

Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

CUARTO.- *Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2022 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria Prada sinalando que traese a modificación das ordenanzas para o 2022. Fala da conxelación dun ano máis dos impostos e taxas e o fan por sétimo ano consecutivo. Aplicárase o IPC en aquelas taxas que están suxeitas a un contrato porque é unha obrigação legal, sinalando que os contratos son anteriores ao equipo de goberno. Sinala que se manteñen ads bonificacións aprobadas no ano 2019, tamén se mantén a baixada na ordenanza do cemiterio, redución do fraccionamento a 100,00 €, modificación do calendario fiscal, qu quedan establecidos para os IVTM do 14 abril ao 14 de xuño, IBI 5 d e agosto ao 5 ouubro e o IBI fraccionado, 60% 5 de agosto do 2022 e o segundo recibo 40% o 4 de decembro do 2022, prodúcese na ordenanza fiscal de ingresos municipais, no apartado de venda de libros, a venda das credenciais do peregrino cuxo prezo será de 2,00 €, tamén se recolle o prezo de venda ao público de guías de Monforte que queda nun 1 €. Fala de representación de representacións teatrales que estaba sen regular, segundo o convenio que se asina co AGADIC, o Concello ten a obrigação de poñer á venda as entradas, a entr4ada ordinaria 5 € , e a entrada reducida de 3 €. Se segue reducindo a presión fiscal con respecto a fai seis anos, seguen coa mesma liña de traballo, di que se reduxo a presión fiscal real 6,90%

dende que goberno este Alcalde. Di que son sensibles pola difícil situación que se está atravesando pola crise sanitaria.

Intervén D. Emilio José sinalando que valora positivamente as incorporacións da guía de turismo, e das credencias. En liñas xerais di que no ano 2020 votaron en contra. Como ben di a tenente alcalde segue todo como está. Di que o seu voto vai ser igual que no 2020. Non se modifica o artigo 7 apartado e), algo xa se reclamaou, non se modifica o prezo dos usuarios das piscinas, facía referencia as persoas acompañantes as persodas dependentes, tamén unha reclamación que é unha baixada do tipo impositivo en dous puntos, nunha forma gradual, compartir esa boa situación económica do Concello compartila coa veciñanza.

Interven D. Jaime Germán Vázquez felicita polas incorporacións que se están facendo para non entrar en ningunha discrepancia, di que eles falaban de baixar o IBI non ven ningunha baixada o suficientemente importante como para votar a favor deste punto.

Intervén D^a Katherinie Varela di que eles o que ven neste punto, ven unha suba nas taxas en función do IPC, entende o de agosto. Di que fala da lei 2/2015, se desvincule calquera tipo de suba. Neste caso como hai uha obrigación legal de vincular estas taxas ao IPC, que norma xurídica obriga á administración local a vincular estas taxas ao incremento do IPC. Outra cousa o IPC do 2020, era do 0,50, a de agosto é de 3,3 é a que se aplica. Cando se podía coller a media dos 8 primeiros meses 2,2, neste caso se colle o 3,3 do mes de agosto. Esa é a súa posición.

Intervén D^a Gloria Prada dille a D. Emilio e D. Jiame non é suba é unha conxelación das mesmas. Con respecto ao IBI non vai entrar en debate. Di que unha firma contractual é un acordo entre ambas partes, ese contrato recolle obrigatorriamente esta subs,a non hai ningunha disposición legal que o diga, pero estase a un contrato que o di. Di que se está aplicando o interanual, o servizo de intervención e o de secretaría, son os que o dí, terá que dirixirse a eles.

Intrevén D^a katherinie Varela dunha obrigación contractual a un obrigación legal cambia moito a cousa. Parécelle increíble que estén sempre sinalando aos técnicos do Concello. Os funcionarios teñen que asesorarlles, se houberan pensando un pouco nos veciños houberan feito unha media anual, e nin sequera o fan. Ninguén está dicindo que eles lles digan que fagan unha ilegalidade.

Intervén D^a Gloria Prada o que esta poñendo en dúbida a función dos funcionarios é vostede. Sinala que ela se fia do que din os servizos xurídicos. Vostede sabe que ese está traballando de forma legal e se están basando no que lle están dicindo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que os funcionarios hai que deixalos ao marxe. Igual que a fai a Xunta e o Estado, calquera administracións, ten os informes técnicos e dicir iso non é poñer na picota a ningún funcionario, simplemente se fala dun informe que di que é favorable ou non. Segundo, dicir como di vostede que nroma obriga a subir o IPC, un contrato é un acordo entre partes, e é de obrigado cumprimento, aínda que non é unha lei, a lei obriga a cumprir os contratos.

Que cálculo fai a xunta cando no mes de outubro, como calcula os IPC do ano senón acabou o ano, todas administracións o fan de agosto a setembro interanual, dicir que se andan a subir os impostos, é unha solemne mentira. Di que eles non subiron os impostos, o que se vai subir é a auga e o lixo, segundo está obrigado por contrato. En términos reais cando non se actualizan IPC hai unha perda real, e aquí non se suben dando ano 2015, hai unha baixada real de impostos.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

9º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PARA REDUCIR O IBI.

O ditame é desfavorable á moción, con seis votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Instamos ao equipo de Goberno a adoptar o seguinte acordo: Baixar o IBI ata o 0,505”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción. Pide un pouco de respecto, non tivo ocasión de escoitalo o outro día, di que nos termos aos que se están dirixindo, di que eles poden traer a moción que queiran. Di que poderalle gustar máis ou menos a moción. Gustaríalle que o traten co mesmo respecto que o fan eles. Gustaríalles que tiveran a mesma deferencia para con eles, non é de tolos que é partido político traía unha moción, non é de estar falando así, da a sanción de que queren ningunealos. Di que eles nunca lle faltan ao respecto. O goberno de Monforte baixe o IBI para que queden un monton de cartos nos petos dos monfortinos.

Intervén D. Emilio José manifesta que xa dixeron o de baixar o IBI dunha forma gradual, non queren caer en populismo e por iso vanse abster. Di que el cre fielmente nos funcionarios deste Concello, pero cando hai unha dúbida técnica non

estaría de máis darlle a palabra. O tema do IPC do 3,3% porque se calcula o 3,3% do IPC iso é unha estimación que fai o INE, e por iso se fai e así se debería explicar.

Intervén D^a Katherinie Varela di que en temas tan complexos gustaríalle que os técnicos tomaran a palabra, todos aprenden cos anos, aprenden a base de ler, preguntar e consultar. Se ten que falar o interventor ou o secretario, sería bueno que lle deran a palabra. Están a favor na rebaixe do IBI, co remanente que existe de sobra poderían baixalo. Esperan que non o digan que non o baixan porque o din os técnicos funcionarios.

Intervén D. Ibán Torres di que se quere centrar no argumentario que emprega. Di que non sabe como a oposición lle di ao goberno que está traballando demasiado. En definitiva, queixase de que este equipo de goberno este traballando e nos di que paremos. Critica por que están a traballar, vostede recoñece o traballo que se está a facer. A moción ten un contido populista e reiterativo. Vostede sabe como se financian? Cos impostos e a solidariedade de todos. Fala de que todos os servizos públicos non se poderían levar a cabo sen financiación. Vostede quere que este goberno non teña diñeiro para seguir mellorando a Monforte, non hai propostas nin alternativas, o que se propón na moción sería moi perxudicial para a moción.

Intervén D. Jaime Germán dicíndi que chegaron no 2015, había 5 millóns de euros de remanente, vaise pechar o 2021 con 7 millóns de euros de remanente. O certo non se pode dicir que non están asfaltando, iso sería mentir. Non se pode contar mentiras, recaudanse de impostos 1 millóns máis do que gastamos. O que é populista é o que vostede di sr. Torres, o que se di e que se pode baixar o IBI, poden facer exactamente o mesmo, como todo iso é certo, perto tamén é certo e que estamos recaudando por riba do 1 millón de euros.

Intervén D. Ibán Torres di que el non lle está criticando o que está é agradecendo. Se vostede o que propón é que se gasta unha partida en servizos, carece de fundamento e de programa, simplemente vai ao fío do que vostede dixo, que gastos van deixarse de comprometer, non pode dicir de forma xenérica. Diga vostede que faría con ese diñeiro que está metido nun caixón.

Intervén D. Jaime Germán di que o que quixo dicir en na Caixa Galicia, o Concello está metendo un 1 millóns para o remanente, o único que di non se engorde no remanente que é o que se mete no banco, é o que aparece nas contas xerais do Concello. O Concello está recadando por riba do que gasta, gasta todo o que pode e a maiores mete 1 millóns todos os anos. Non está falando de non se gaste en temas Sociais, en parques e xardíns, as cousas que non lle gustan xa veñen aquí e xa o din. Despois de todos os gastos, daría postivamente para non incrementar o remanente. Sempre está dicíndi que Esperta Monforte! quetren que Monforte

avance pero pódese facer doutra maneira, pode preguntarlle ao Sr. Interventor de están equivocados.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a liberdade de expresión pode un dicir o que queira, di que el non lle chamou tolo nin ningún membro da Corporación, unha proposta de tolos, non é que vostede sexa tolo senón a proposta. Ninguén lle chamou tolo como D. Germán. Nos parlamentos non todo vale, a mesa califica as iniciativas e hai iniciativas que non tramita. Evidentemente cada un pode presentar como queira, falta a primeira vez que non o tratara con respecto. Cando un ten a palabra. Di que el como alcalde ten dereito a opinar dos asuntos. Vostede pode dicir o que queira e os demais non poden opinar, claro que todos poden opinar pero sempre dentro do respecto.

Logo fala vostede isto de conxelar os impostos é unha letania, isto o que é unha realidade, algúns baixaron en termos reais. Vostede acaba de dicir que se meten a promotores, di que eles se adican a urbanizar, non confunda promover con urbanizar, di que eles non van construír edificios na zona C, di que van poñer en valor unha zona da cidade que vai cambiar esta zona coma da noite ao día.

Sometido o asunto a votación desestímase por maioría con cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto- Esperta Monforte!), dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e unha abstención de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto- BNG).

10º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA QUE O GOBERNO LOCAL INSTE O GOBERNO CENTRAL A QUE EXECUTE O PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA NACIONAL 120.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que o goberno local inste ó Goberno central a que cumprimente todos os trámites necesarios para facer realidade a execución do tan necesario proxecto de “Mejora de la seguridad vial en la N-120. Implantación de carriles adicionales para el adelantamiento entre los PPKK 548+800 y 564+000”.

De seguido prodúcese as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles van votar a favor da iniciativa, todo o que sexa mellorar a seguridade viaria, non poden estar en contra, pero hai que lembrar ata Toral dos Vados e de Ourense a Vigo circúlase por autovía, vai tardar en tela. Dende o BNG no 2018 trouxo unha iniciativa para mellorar a seguridade, a estrada no está nas condicións que debería estar unha vía tan importante. De Ferreira a guitará un punto de máis sinistrabilidade de España, votaron en contra, o que é denigrante é utilizar este tipo de cousas, para atgizarlle a un goberno que tamén ten a súa parte de culpa, polo tanto cando toca toca, hai que lembrar a N-120 non soamente ten o problema nos Peares a Ourense, na zona de Valdeorras, dende que gobernou ou partido popular se eliminaron os carris de adelantamento.

Intervén D. Jaime Germán di que van votar a favor desta iniciativa. Di que ademáis do que se pide nesta moción, empezaría poar algo máis sinxelo, arranxar o firme pedir unha ITV para as estradas, tanto cara a Ourense e tamén cara a Ponferrada ademáis de estar o firme moi mal parécelle moi positivo esta iniciativa sería moi bo para esta comarca, pero a maiores que se falase de máis cousas.

Intervén D. Ibán Torres di que o coñecemento a menudo se resiste á penetración, leva so seu tempo. Fai constar que esta moción é unha moción tipo, di qud a todos lles toca algo. Debe informarse un poquitín, eses deberes que vostedes cando gobernaron non fixeron, non fixeron nada na N-120, non fixeron no tercer carril que tanto e tanto prometeron, no fan e logo esixen aos demáis. A complicidade que tiveron algúns señores e condenar ao illamento que condenaron a esta comarca. Este que vostede propón “a boas horas mangas verdes” di que van apoiar esta moción.

Intervén D^a Katherinie Varela di que da as grazas a D. Emilio porque vostede o fai con educación e con gracia, ogallá o resto do debatientes fixeron o mesmo. Pide desculpas por sairse de tono, o único que demostran coas súas saídas de tono lles preocupa o que fai o partido popular de Monforte.

Intervén D. Ibán Torres diga vostede que faltas e saídas de tono, vostede ten delirios, hai certas acusacións non poden permitirse, isto está chegando a uns límites que no son tolerables. Fai acusacións que non se corresponden coa realidade. Vostede ven pedir o que non fixeron cando gobernaban.

Intervén D^a Katherinie Varela di que o presidente debe dirixir o debate, se a vostedes lles molesta o tono, será que vostede inician o tono do debate. Agradece o apoio, ninguén pode negar que todos os partidos deixaron de lado esa zona, os novos políticos van intentar que esta zona teñan o que se merece.

Intervén o Sr. Alcalde que non está preocupados polo que vostede D^a Katherinie Varela propoña. Se se produce algunha alteración do tono ven de donde ven, non do alcalde nin do voceiro.

Teñen esa dobre vara, se están no goberno votan non e se están na oposición votan si. No 2010, houbo unha reunión de parlamentarios en Monforte, onde lle pedían ao goberno do estado contratar, proxecto e obras, sen estar aprobado o proxecto ambiental. Despois gobernaron dende o ano 2011-2018 e non contrataron absolutamente nada, o tiñan no caixón, máis ben resolveron contratos, resolveron un contrato para facer a estación intermodal de Lugo, iso é unha realidade está aí. Dille a D^a Katherinie que escoite dende varios bandos, hai movemento de tropas no Partido Popular.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

11º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR O GOBERNO LOCAL A LEVAR A CABO A HOMOLOGACIÓN DAS PISTAS DE ALTLETISMO.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que o goberno local comece o procedemento para obter o certificado de homologación das pistas de atletismo do Estadio Municipal da Pinguela, seguindo os trámites estipulados pola Real Federación de Atletismo”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que ter unhas pistas de atletismo sen estar homologadas é case como non telas, a nivel de facer competicións. É certo que se tiña que facer cando se fixo o campo, se se tivese esa previsión ou se fixera ter reformas houbera sido máis doado, incluso os requisitos igual foran máis asequibles. Manifesta o seu voto a favor, fala de que haxa que facer algún tipo de reparacións, haberá que mirar se é o que se precisa, espera que sexa posible.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifesta o seu voto favorable, di que o presentaron días antes como un rogo. A federación de atletismo sacaba un comunicado, ter as pistas homologadas é positiva tanto económico como a nivel de competicións. Fala dos atletas monfortinos Saleta Fernández e Jairo Rodríguez. Gustaríalle que tiveran a ver levar entre as súas prioridades o arranxo e acondicionamento do recinto deportivo das Lamas.

Intervén D. Ibán Torres explica as particularidades que hai sobre este tema. O que non pode permitir é que se esixa unha maior implicación co deporte, se vostede fala con caquera asociación monfortina deportiva, este alcalde duplicou as axudas. Debería preguntar as entidades sobre estas axudas económicas, estas axudas vostede non lle da importancia na súa moción. Nestas pistas xa foron deficientes dende a súa construción, non se levaron a cabo coa consulta da Federación, pensan que estas pistas nunca foron contempladas para a práctica do deporte federado, no seu día interesou moito rematar a obra e por iso nunca foron homologadas. Este alcalde como responsable da área de deportes, hai informes do ano 2018 sobre o tema. Para adecuar estas pistas son necesarios uns requisitos, posiblemente mermar o espazo destinado a estas pistas, en todo caso, non sería suficiente con facer xestións, habería que facer unha forte inversión.

Intervén D^a Katherinie Varela di que eles traen esta moción porque chegou a eles a inquietude de persoas que practican este deporte. Di que eles están de acordo que houbo un problema cando se contruíu. Sinala que é triste que se pode aproveitar o deporte como vehículo fundamental para a xente xove, para potenciar as instalacións que se teñen, descoñece o coste que teñen, se existe un informe sería conveniente que o deran a coñecer. Di que eles están en contra doutras inversións, cando se poden facer inversións en instalacións deportivas, por iso traen propostas para motivar sobre todo os máis xoves.

Intervén D. Emilio José reiterando o seu voto favorable. Quería lembrar unha cosa, antes se falou do IBI, pensando que hai unha oficina dun banco que vai pechar que estaba colaborando co concellos cos pagos, haberá que mirar ese problema pechar todo tipo de vínculos contractuales co Banco Sabadell.

Intervén D. Jaime Germán sinalando que o día 15 de outubro vai pechar esa oficina. Refernete ao tema das pistas, entende que non está dentro das súas prioridades, o Concello podería facer un estudio e se o ten que o quite á luz. Pregunta cal sería ese gasto do que están falando, tampouco se poden ceñir a quén o fixo, por desgracia moitísimas cousas que se fixeron en Monforte non están ben. Falouse aquí de que o mantemento da piscina é deficitario, e vostedes levan seis anos e non fixeron nada. O de duplicar as axudas está moi ben.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que vostedes non están de acordo coas inversións que fan, pero eles si porque estaban no seu programa electoral. Por outra banda, din vostedes que este alcalde non ten implicación co deporte. Pero claro se pasamos dun gasto de deportes a 120.000,00 euros que hai este ano, algúns recibían cero e agora reciben bastante, as axudas dos deportistas individuais que non existían e se puxeron con este equipo de goberno, o alumeado do pavillón, o alumeado da Pinguela que se vai estrenar próximamente. A estas

alturas tiñan luz de obra, da esquina do pavillón á esquina do campo de fútbol, así estivo ata de agora, que este equipo de goberno o legalizou, iso non é implicarse co deporte? Os anteriores dende o ano 98 todo o mundo se implicou.

Fala vostede de costes, isto non son 4 euros, so tartan das pistas 400.000,00 euros, o salto de pértiga, o foxo, sube unha cantidade importante, pedir esta moi ben, suporía máis de 700.000,00 euros. Por outra banda, falouse de que a Federación de Atletismo sacou un comunicado, a Federación pode propoñer o que queira, pero debería dirixirse ao Concello, parécelle raro que quite un comunicado e non fale co Concello para homologar esas pistas. Sería bo saber a que obedece ese comunicado da Federación, as pistas non cumpren os requisitos para homologala, todo xunto non se pode, e dende logo as prioridades son outras. Di que eles se preocupan de todas as instalacións. Di que eles non están en contra da homologación das pistas que suporía unha cantidade moi relevante para a mesma.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

Neste intre auséntase da sesión D. Roberto Eireos Saez.

12º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A DOTACIÓN DE PISCINAS PÚBLICAS AO AIRE LIBRE EN MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do Concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que o goberno municipal de Monforte de Lemos, desenvolva as accións oportunas para dotar ao Concello dunhas piscinas exteriores públicas. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura a moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez apoian esta moción, porque é necesario, o certo é que os monfortinos non teñen a posibilidade de tomar un baño nin no río nin en piscinas públicas. No 2015 falaban vostede de xestionar dunha zona de baño gratuita no río cabe.

Intervén D^a Katherinie Varela sinalando que presentan unha proposta de engadéda di que a idea é boa porque en Monforte falta esa zona de baño gratuita. Non é o mesmo a poboación que ten un Concello como Pantón ou Sober, que a xente que

acolle Monforte, cada vez acolle máis xente e máis turistas, ademáis das piscinas muincpais que polo menos que se “ou que se leven as actuacións nefcesarioas para acondicionar diversas zona de baño na zonas máis adecuadas da cidade no río Cabe, incluíndo o saneamento necesario para que o río poida ser utilizado sen perigo de saúde”.

Intervén D. Ibán Torres vostede pon os deberes que o seu partido non fixo en 12 anos, sendo conscientes desta carencia. Saben o que necesita Monforte pero que ningún goberno trouxo iniciativas, sinala que este alcalde esta pensando nun gran proxecto en referencia ao ocio, fala do ano 2023 onde este proxecto será unha realidade, tratase dun proxecto sen precedentes na materia, se mpreque se teñan os permisos e os monfortinos den a confianza nas eleccións do 2023.

Intervén D. Emilio José di que a oposición tamén está para facer propostas. Fala vostede cando gobernaba o seu partido, dos erros se aprende. O alcalde tamén formou parte dalgún goberno neses 12 anos. Alegrase saber que teñen en proxecto unha zona de ocio, espera que sexa nesta dirección. No caso de que aceptase esa enmenda non se lle poñería “ou” senón “e”. Non vai aceptar a enmenda, porque non ten nada que ver. Gustaríalle que o equipo de goberno votase a favor porque é unha iniciativa interesante porque explicou a necesidade que teñen, se votan en contra é o fan dase por contento.

Intervén D. Jaime Germán alegrase de que estean traballando en cousas relacionadas co ocio. Deberían pensar tamén no 2023 no PXOM. Di que foi el o que dixo o do comunicado da Federación, dando lectura do mesmo. Sinala que como ven dixo o Sr. Emilio que vostede foi concelleiro do 2003-2007, en catro anos non foi capaz de desenganchar a luz de obra, ou sair na prensa e irse contra os que gobernaban con vostede e de decírllo, e sen embargo, repite todo contento en canto chegou, catro despois, xa o fixo, catro anos que estivo non foi quén de desenganchar a luz da Pinguela ao campo de fútbol.

Intervén D. Emilio José Sánchez invita a que o fagan antes do ano 2023.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a Federación con el non falou a el non se dirixiron nin como alcalde nin como presidente da Confederación. Di que eles son aforradores, para cando haxa que facer obras importantes ter con qué facelas. Se algún lle preocupa que se teñen fondos para facer investimentos.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

13º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de datas 02.08.21, 05.08.21 (2), 23.08.21, 24.08.21 e 03.09.2021) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

14º.- DACIÓN DE CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO E MORISIDADE 2º TRIMESTRE 2021.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 2º trimestre de 2021, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 6,01 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 2º trimestre de 2021:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

15º.- DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN TRIMESTRAL 2º TRIMESTRE 2021.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 2º trimestre de 2021, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

16º.- DACIÓN DE CONTA INFORME REPAROS 2020.

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que na súa redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, dáse conta do informe das resolucións contrarias ós reparos formulados pola Intervención Xeral municipal anualidade 2020.

17º.- DACIÓN DE CONTA INFORME CONTROL INTERNO 2020.

A efectos de cumprir co disposto polos artigos 37 e 38 do Real Decreto 424/2027 de 28 de abril, dáse conta do informe-resumo do control interno durante o ano 2020.

18.- DACIÓN DE CONTA LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2022.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello das liñas fundamentais do orzamento para o 2022.

19º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta de Esperta, “Cando trouxemos a pleno o tema de iniciar o PXOM a contestación recorrente foi falar da inundabilidade de Monforte, podemos explicar a diferenza, en canto a inundabilidade se refire, da urbanización da zona C e da redacción dun PXOM”.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que vai tratar de responder que se ofenda. Agora espera que entenda a importancia que tiña no ano 2007 se houbera aprobado o plan xeral, sabe porque se iso fose así, agora non lle afectaría o plan hidrolóxico nacional, porque agora non se pode facer o PXOM, o proxecto sectorial da zona C está aprobado do ano 2000, senón non se podería aprobar. Polo tanto se agora quixeramos empezar a facer o proxecto sectorial da zona C, está feito do ano 2000, hai que facelo tal cual está aprobado, se se modificase sería nulo, por iso non se poden modificar o trazado das rúas. Fíxese que importante é que se houbera aprobado o plan xeral no seu día. Agora as condicionantes legais son outras.

Pregunta do PP ¿Cal é o motivo de que tras nove meses de firma de contrato a obra do parque infantil Val de Lemos esté neste estado inacabado?

Pregunta do PP recentemente sae a concurso o contrato para a urbanización e reparcelación da zona C, a pregunta que presentamos é ¿Ten actualmente o equipo de goberno o consentimento dos veciños para proceder o sistema de cooperación mediante o cal se pretende executar este proxecto?

Resposta o Sr. Alcalde dicíndolle a D^a Katherinie que tivo tempo de presentar dende o mes de xullo as preguntas, así porque este alcalde dende as 22:59 de onte ten tempo para responder. Dará resposta no vindeiro pleno.

Rogo do BNG sobre a celebración do día da bicicleta.

Pregunta do BNG, ¿Ten pensado actuar o Goberno municipal no recinto do Mercado Gandeiro?

Resposta o Sr. Alcalde que serán respostadas no seguinte pleno.

Remata a sesión sendo as vintedúas horas e doce minutos mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE